


PLAN ESTRATÉGICO DE XUVENTUDE DE GALICIA 2021

Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado
Consellería de Política Social



XUNTA DE GALICIA

**PLAN
ESTRATÉXICO**
DE XUVENTUDE
DE GALICIA
2021

Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado
Consellería de Política Social

Táboa de contidos

TÁBOA DE CONTIDOS.....	3
INTRODUCCIÓN.....	5
O marco da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia	5
Antecedentes: o Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2014-2016.....	6
Directrices e enfoques metodolóxicos	6
Proceso de elaboración do Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2021.....	10
ENFOQUES DO PLAN DE XUVENTUDE 2021	20
Instancias involucradas nas políticas de xuventude.....	20
Marco teórico sobre a participación das persoas novas	25
RESULTADOS DA PARTICIPACIÓN DA XUVENTUDE.....	30
Conclusións do Informe Juventud en España 2016	30
Achegas do Diagnóstico situacional para o novo Plan	35
Principios de elaboración do Plan de xuventude de Galicia 2021	40
REFERENTES EUROPEOS E ESTATAIS	42
Estrategia Europea de la Juventud 2019-2027	42
Estrategia Juventud 2020 de España.....	43

ÁMBITOS PRIORITARIOS DE ACTUACIÓN DO PLAN 2021 47

Eixes de actuación do Plan de Xuventude 2021 54

Medidas do Plan de Xuventude 2021 55

ANEXOS 106

1. Marco estratéxico da Xunta de Galicia 106

2. Persoas e instancias participantes 110

3. Departamentos da Xunta de Galicia involucrados na Estratexia..... 127



Introdución

O marco da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia

A **Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia** fai xa referencia no seu Preámbulo ao Plan estratéxico de xuventude de Galicia como instrumento de planificación plurianual e elemento de gran importancia para a toma de decisións a medio prazo. Xa logo no seu Capítulo I (do Plan estratéxico de xuventude de Galicia) do Título I (Planificación en materia de xuventude) establece a natureza e vixencia do Plan, os seus obxectivos e directrices para a súa elaboración.

Así mesmo, no Capítulo II (Sectoros básicos da transversalidade) establécense os ámbitos que abarcará a planificación, así como os obxectivos principais en cada un deses ámbitos¹.

Neste marco legal, o **Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2021**² contribúe a desenvolver a finalidade das políticas públicas dirixidas á mocidade, isto é: *mellorar a calidade de vida da xente nova, especialmente a través do acceso á información en materia xuvenil e mediante a participación activa dos mozos e das mozas no desenvolvemento sustentable, económico e social da Comunidade Autónoma de Galicia*³.

Mellorar a calidade de vida da xente nova, especialmente a través do acceso á información en materia xuvenil e mediante a participación activa dos mozos e das mozas no desenvolvemento sustentable, económico e social da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Ibid. Artigos do 7 ao 17.

2. Neste documento denominaremos Plan de xuventude 2021 ao Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2021.

3. Ibid. Artigo 2.

Antecedentes: o Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2014-2016

Este novo documento afondará na liña dos plans de xuventude anteriores e dará continuidade á planificación levada a cabo para o período 2014-2016 a través do Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2014-2016. Horizonte 2020. "Xuventude 2016", que foi aprobado en Consello da Xunta o día 16 de abril do 2014, logo do establecemento das bases que o vertebraron polo Comité Galego de Políticas de Xuventude, co fin de dar continuidade ás políticas públicas en materia de xuventude desenvolvidas pola Xunta de Galicia.

O Plan estratéxico de Xuventude de Galicia 2014-2016 contou cun orzamento de **378 millóns de euros** (378.149.484,24 euros), para atender as necesidades, prioridades e inqueданzas dos máis de **400.000 mozas e mozos galegos** nese período (406.093 en concreto segundo os datos do IGE a 24/01/2017 para o ano 2016), executándose un total de 358.444.917,95 €.

Directrices e enfoques metodolóxicos

Directrices para a elaboración do novo Plan

A nova folla de ruta para o período 2021, sendo fiel aos requirimentos normativos da **Lei 6/2012**, apóiase nunhas directrices básicas que se fundamentan en aspectos relevantes que agromaron no *Diagnóstico situacional* realizado previamente.

A utilidade dunha estratexia que oriente as políticas públicas de xuventude está en **establecer os espazos e axenda de traballo** das diferentes instancias involucradas na

propia estratexia, nomeadamente, os distintos departamentos da Xunta de Galicia e a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado⁴. Polo tanto, nesta estratexia non só se recollen e ordenan as medidas que cada un dos departamentos da Xunta de Galicia desenvolve a favor da xuventude no seu ámbito competencial propio, senón que se realizará ese necesario esforzo de seguimento e coordinación nos seguimentos anuais, dado que a continua innovación no deseño e execución de iniciativas motiva que sexa máis axustado á realidade, e máis eficiente, recoller todo ese caudal de actividades e iniciativas anualmente desde o proceso de seguimento do Plan.

Este Plan debería **inspirar criterios e medidas** concretas que cada un destes departamentos poderían desenvolver no seu ámbito competencial e desde os seus propios referentes estratéxicos. Polo tanto, o papel da DXXPV, referente principal das competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, desenvolverá unha tarefa de apoio e coordinación de accións dos distintos departamentos da Xunta de Galicia.

Ademais, a DXXPV desenvolve importantes accións propias, sobre as que se centrará o esforzo de planificación da dita estratexia.

A utilidade do documento deste Plan pasa, entre outras cousas, por facilitar a súa **acesibilidade**. Polo tanto, este documento pretende ser breve, sintético e accesible na súa linguaxe para todas as persoas destinatarias, que son as instancias involucradas e, nomeadamente, a xuventude.



4. DXXPV, a partir de agora

Enfoques teóricos e metodolóxicos

Os enfoques principais que guiaron os esforzos de elaboración deste Plan son os seguintes:

- **Construír un Plan con, desde e para a mocidade.**

Un dos eixes fundamentais que orientaron o proceso de elaboración da estratexia, e que tamén está moi presente nos obxectivos estratéxicos, é a participación, que sen dúbida constitúe o seu eixo vertebrador.

- **Contar coa contribución das instancias involucradas nas políticas públicas de mocidade.**

Identificamos que as instancias involucradas no deseño, execución, seguimento e avaliación de políticas públicas son todos os mozos e mozas galegas, membros de asociacións xuvenís, persoas de entidades prestadoras de servizos á mocidade, persoas de entidades de acción voluntaria, persoas de escolas de tempo libre, persoas informadoras e técnicas xuvenís, e alcaldes e alcaldesas e/ou concelleiros e concelleiras de mocidade.

Partindo desa premisa, no deseño das accións para a elaboración da estratexia promoveuse a participación e interacción das distintas instancias involucradas.

- **Asentar as propostas de futuro nun diagnóstico situacional.**

O *Diagnóstico situacional* que se realizou previamente ao deseño do Plan contribúe a unha identificación de retos para a xuventude aos que as políticas públicas han de dar resposta no seu ámbito de actuación.

Este Plan atende aos resultados do diagnóstico e pretende dar resposta aos retos e desafíos futuros aos que se enfronta a xuventude galega.

- **Establecer unha priorización realista dos obxectivos.**

As prioridades das políticas públicas xerais establecen un marco para o desenvolvemento de políticas específicas para o colectivo das persoas novas. Os recursos dos que dispón a Xunta de Galicia, como calquera realidade organizativa, son limitados, daí a necesidade de priorizar os obxectivos.

Este Plan realiza unha lectura implicativa dos referentes estratéxicos dos distintos departamentos da Xunta e centra a súa atención de forma específica no ámbito de influencia máis directo da DXXPV.



Proceso de elaboración do Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2021

Enfoque participativo

A elaboración do Plan de Xuventude 2021 foi un proceso participativo que contou co impulso da DXXPV da Xunta de Galicia, a contribución de todos os seus departamentos e a participación social das persoas novas e os axentes que traballan con e para elas.



A DXXPV impulsou o desenvolvemento do Plan desde as seguintes instancias:

Subdirección Xeral de Programas para a Xuventude.

- Servizo de Programas e Mobilidade Xuvenil.

Instituto da Xuventude de Galicia.

- Servizo de Actividades para a Xuventude.
- Servizo de Participación Xuvenil e Escola Galega de Xuventude.

Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil.

Rede Galega de Dinamización Xuvenil.

Centros Quérote+.

Servizo de Voluntariado e Participación.

Pola súa banda, os departamentos da Xunta de Galicia involucrados no deseño da estratexia foron os seguintes:

Presidencia da Xunta de Galicia.

- Secretaría Xeral da Emigración.
- Secretaría Xeral de Medios.
- Secretaría Xeral para o Deporte.
- AMTEGA, Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

- Secretaría Xeral da Igualdade.
- Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.
- Fundación Galicia Europa.

Consellería de Facenda.

- ATRIGA, Axencia Tributaria de Galicia.
- IGE, Instituto Galego de Estatística.

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

- Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.
- Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.
- Dirección Xeral de Patrimonio Natural.
- Instituto de Estudos do Territorio.
- IGVS, Instituto Galego da Vivenda e Solo.
- SOGAMA, Sociedade Galega do Medio Ambiente, S. A.

Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

- Dirección Xeral de Mobilidade.
- Augas de Galicia.



Consellería de Economía, Emprego e Industria.

- Secretaría Xeral de Emprego.
- Dirección Xeral de Comercio e Consumo.
- Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.
- Axencia Galega de Innovación.
- IGAPE, Instituto Galego de Promoción Económica.
- IGCC, Instituto Galego do Consumo e da Competencia.
- ISSGA, Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia

Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

- Secretaría Xeral de Universidades.
- Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.
- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Consellería de Cultura e Turismo.

- Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- Dirección Xeral de Políticas Culturais.
- Fundación Cidade da Cultura de Galicia
- AGADIC, Axencia Galega das Industrias Culturais.
- Axencia Turismo de Galicia.

Consellería de Sanidade.

- Dirección Xeral de Saúde Pública.

Consellería de Política Social.

- Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.
- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Consellería do Medio Rural.

- Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.
- Dirección Xeral de Ordenación Forestal.
- AGADER, Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Consellería do Mar.

- Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Por último, os axentes sociais considerados para o deseño do Plan foron as entidades locais, as entidades prestadoras de servizos para a xuventude e, nomeadamente, as persoas novas de Galicia.



Contexto demográfico

A modo de contexto, consideramos uns datos demográficos de partida e vemos que a comezos de 2018⁵, en España había 46.733.038 habitantes, dos cales 8.045.535 eran persoas novas entre 14 e 30 anos, isto é, un 17,22 % da poboación española.

ESPAÑA	TOTAL	HOMES	MULLERES	% MOCIDADE	% POBOACIÓN ESPAÑOLA
14-18	2.299.832	1.184.137	1.115.696	28,59	4,92
19-22	1.775.956	910.636	865.320	22,07	3,80
23-26	1.906.878	966.830	940.046	23,70	4,08
27-30	2.062.869	1.033.154	1.029.716	25,64	4,41
	8.045.535	4.094.757	3.950.778	100	17,22

En Galicia, había 2.701.743 habitantes, dos cales eran persoas novas entre 14 e 30 anos un 14,55 % do total de galegas e galegos, isto é, 392.972 persoas.

GALICIA	TOTAL	HOMES	MULLERES	% MOCIDADE	% POBOACIÓN GALICIA
14-18	107.574	55.348	52.226	27,37	3,98
19-22	84.667	43.354	41.313	21,54	3,13
23-26	95.439	48.691	46.748	24,29	3,53
27-30	105.292	53.116	52.176	26,80	3,90
	392.972	200.509	192.463	100	14,55

5. Proxeccións de poboación do IGE (Instituto Galego de Estatística), con datos do INE (Instituto Nacional de Estadística). Os datos do ano 2017 constitúen o punto de partida para a elaboración das proxeccións, e proceden das cifras de poboación do INE para os ámbitos xeográficos de Galicia e provincias.

Consideremos algúns datos demográficos máis respecto das persoas novas en Galicia, agrupados por provincias, dos que se pode concluír que o 78,12 % dos mozos e mozas de Galicia (307.003) viven nas provincias costeiras do eixo atlántico (A Coruña e Pontevedra), e o 21,88 % restante (85.969) residen nas provincias do interior de Galicia (Lugo e Ourense):

A CORUÑA	TOTAL	HOMES	MULLERES	% MOCIDADE	% POBOACIÓN GALICIA
14-18	44.148	22.352	21.537	27,53	1,63
19-22	34.664	17.755	16.909	21,62	1,28
23-26	38.547	19.510	19.037	24,04	1,43
27-30	42.989	21.622	21.367	26,81	1,59
	160.348	81.498	78.850	100	5,93

LUGO	TOTAL	HOMES	MULLERES	% MOCIDADE	% POBOACIÓN GALICIA
14-18	11.219	5.763	5.456	25,10	0,42
19-22	9.460	4.827	4.633	21,16	0,35
23-26	11.175	5.693	5.482	25,00	0,41
27-30	12.843	6.497	1.679	28,73	0,48
	44.697	22.780	21.917	100	1,65

OURENSE	TOTAL	HOMES	MULLERES	% MOCIDADE	% POBOACIÓN GALICIA
14-18	10.560	5.377	5.183	25,59	0,39
19-22	8.964	4.608	4.356	21,72	0,33
23-26	10.447	5.349	5.098	25,31	0,39
27-30	11.301	5.725	5.576	27,38	0,42
	41.272	21.059	20.213	100	1,53

PONTEVEDRA	TOTAL	HOMES	MULLERES	% MOCIDADE	% POBOACIÓN GALICIA
14-18	41.647	21.597	20.050	28,40	1,54
19-22	31.579	16.164	15.415	21,53	1,17
23-26	35.270	18.139	17.131	24,05	1,31
27-30	38.159	19.272	18.887	26,02	1,41
	146.655	75.172	71.483	100	5,4

Sistemática de elaboración do Plan

O proceso de elaboración do novo Plan articulouse en dúas fases diferenciadas:



A continuación enumeramos as principais accións participativas desenvolvidas en cada unha destas fases.

Fase de diagnóstico

Xornada de presentación do proceso de elaboración do Plan

Celebrada na Cidade da Cultura de Galicia, reuniu o luns 26 de xuño de 2017 a preto de 100 persoas pertencentes a instancias involucradas coas políticas de xuventude: mozos e mozas, membros de asociacións xuvenís, persoas de entidades prestadoras de servizos á xuventude, persoas de entidades de acción voluntaria, persoas de escolas de tempo libre, persoas informadoras e técnicas xuvenís, alcaldes e alcaldesas e/ou concelleiros e concelleiras de xuventude⁶.

Entrevistas individuais semiestruturadas a informantes relevantes

Contouse coa contribución de 20 persoas expertas en xuventude, seleccionadas con criterios de representación do colectivo de axentes involucrados no proceso de elaboración dun diagnóstico da xuventude⁷.

6. Máis información no anexo II, no que figuran as persoas e entidades participantes na xornada de presentación.

7. Ibid. Listaxe das persoas entrevistadas no anexo II

World Café provinciais de contribución diagnóstica

Desenvolvéronse catro reunións, unha por provincia, de pensamento colaborativo e polinización de ideas nas que se pretendía, mediante a técnica do World Café, propiciar que os distintos axentes involucrados puideran realizar a súa contribución dialogada e conxunta ao diagnóstico⁸.

Cuestionario á mocidade participante na Campaña de verán

Solicitóuselles aos mozos e mozas de entre 14 e 30 anos participantes na Campaña de verán 2017 que cubrisen un cuestionario en papel de valoración de políticas da Xunta de Galicia e da DXXPV. Consegúronse recoller 1074 cuestionarios válidos⁹.

Cuestionario en liña a instancias involucradas e á cidadanía en xeral

No mes de outubro de 2017 estivo dispoñible en xuventude.xunta.es un cuestionario en liña que se ofrecía para cubrir a toda a cidadanía de Galicia e, nomeadamente, ás persoas novas¹⁰. Recolléronse 697 cuestionarios, dos cales 405 contaban con respostas completas.

Contribucións recollidas en encontros presenciais de programas da DXXPV

Nalgunhas das actividades e programas da DXXPV nos que se reuniron presencialmente a persoas novas, propiciáronse conversas de valoración da situación da xuventude en Galicia, así como a habilitación dun cuestionario para a recollida de datos¹¹. Fixéronse indagacións en seis espazos.



8. Ibid. Listaxe das persoas e entidades participantes nos World Café provinciais de contribución diagnóstica no anexo II

9. Ibid. Listaxe de Campamentos de verán participantes no cuestionario en papel no anexo II

10. Ibid. No anexo II figuran os resultados da participación do Cuestionario en liña.

11. Ibid. Listaxe de encontros presenciais de programas da DXXPV que foron dinamizados co propósito de enriquecer o diagnóstico no anexo II.

Fase de planificación

Sesións de traballo do Equipo Motor

O Equipo Motor foi un equipo de traballo de consideracións de achegas, reflexión e elaboración de propostas, que catalizou o proceso de elaboración do Plan. Desenvolveu o seu labor na fase de Planificación e estaba composto por 14 persoas da propia DXXPV¹². O Equipo Motor desenvolveu un total de seis sesións de traballo.

Entrevistas con axentes de contribución dos departamentos da Xunta de Galicia

No proceso de recollida de contribucións dos distintos departamentos da Xunta de Galicia, ademais de recoller as súas achegas a través dun sistema de fichas de actuacións, desenvolvéronse con algúns deles entrevistas presenciais con persoas involucradas no Plan. Visitáronse 14 departamentos de 10 consellerías distintas, e entrevistáronse a 26 persoas que puideron facer a súa contribución e contraste dunha forma personalizada¹³.

Xornadas estratéxicas

O Equipo Motor desenvolveu un traballo máis intenso de reflexión en tres xornadas estratéxicas, desenvoltas o 14 e 28 de febreiro de 2018 e o 15 de marzo de 2018. O resultado dese traballo foi a formulación dos obxectivos e resultados esperados para a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Reunións provinciais de contraste do Plan

Desenvolvéronse catro reunións, unha por provincia, invitando á participación dos distintos axentes involucrados, co propósito de contrastar os avances desenvoltos na concreción dos obxectivos e actuacións que se estaban a recoller nos documentos de borrador do Plan. Inscribíronse nesta acción 54 persoas.

12. Ibid. Listaxe das persoas integrantes do Equipo Motor no anexo II.

13. Ibid. Departamentos da Xunta de Galicia contactados presencialmente e as persoas entrevistadas no anexo II

Enfoques do Plan de Xuventude 2021

Instancias involucradas nas políticas de xuventude

Consideramos que cómpre, para os efectos deste Plan, afondar nunhas distincións que contribúan a aportar claridade e identificar as diferentes instancias involucradas nas políticas públicas de xuventude co propósito de indicar quen é quen nesta complexa rede que se relaciona coa xuventude de Galicia.

1. As persoas novas

As persoas novas son as protagonistas principais, a primeira instancia involucrada no deseño, execución, seguimento e avaliación de políticas públicas de xuventude. Disto daremos conta con maior profundidade no seguinte apartado sobre o marco teórico sobre a participación das persoas novas, pero antes diso, cabe preguntarse, quen é unha persoa nova?

A **Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia** establece no artigo 2 que “para os efectos desta lei, terán a consideración de persoas novas as que teñan idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos, ambos inclusive”.

Anteriormente, no mesmo artigo, apunta que a Lei “será aplicable ás persoas novas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia ou ás que, residindo no estranxeiro, tivesen a súa última veciñanza administrativa en Galicia, así como ás persoas físicas ou xurídicas, públicas e privadas, que desenvolvan actividades que incidan na xente nova”.

Neste documento partiremos desta definición legal para a consideración de persoas novas.

2. A Xunta de Galicia e, nomeadamente, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

No ámbito da Administración autonómica, impulsora deste novo Plan de xuventude, e como órgano de dirección ao que lle compete a xestión das actuacións en materia de xuventude, así como as políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, **a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social** é o axente que asume a coordinación e liderado da rede de servizos de xuventude, para o que deberá articular os espazos de coordinación interinstitucional que sexan necesarios.

Tamén están implicados nas políticas públicas de xuventude as distintas consellerías e departamentos da Administración autonómica con competencias que van incidir directa ou indirectamente nas mozas e mozos galegos, e cos que deberá existir a necesaria coordinación en canto a obxectivos e liñas de actuación.

Estes departamentos son os que conforman o **Comité Galego de Políticas de Xuventude**, como órgano colexiado de coordinación interdepartamental e interinstitucional adscrito á Consellería de Política Social como consellería competente en materia de xuventude.



3. Os servizos á xuventude

Como instancia involucrada están os que podemos denominar servizos á xuventude, e nos que integraríamos os seguintes perfís:

- Servizos propios da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado: Rede Galega de Información Xuvenil, Espazos Xoves, Rede de Dinamización Xuvenil, Quérote+...
- Persoas técnicas de xuventude
- Persoas informadoras de xuventude
- Responsables políticos dos diferentes niveis da Administración


A Rede Galega de Información Xuvenil é unha rede composta por todas as oficinas de información destinadas á mocidade espalladas por toda Galicia.

Na actualidade consta de:

- 247 oficinas da Rede OMX (Oficinas Municipais de Información Xuvenil).
- 67 puntos de información xuvenil.

Os Espazos Xoves son espazos públicos, abertos á totalidade dos mozos e mozas, plurais, democráticos e participativos, cuxo obxectivo é a xeración de procesos de participación social que convertan os mozos e mozas en cidadáns activos e críticos.

A DXXPV pon a disposición da mocidade de Galicia os seguintes Espazos Xoves:



A Rede galega de dinamización xuvenil é un programa que busca chegar á mocidade dun xeito directo e sen barreiras, creando un servizo de asesoramento e unha canle de difusión adecuados para que todos os recursos que dende a Xunta de Galicia se poñen a disposición da poboación máis nova sexan coñecidos por toda a mocidade galega.

O servizo Quérote+ dispón de centros que teñen por obxectivo facilitar información e asesoramento naquelas áreas nas que se poida aportar un maior entendemento social e que facilite o crecemento persoal da xuventude. A DXXPV dispón de centros operativos en: A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense e Vigo.

4. Outros axentes de Xuventude

Haberá que ter tamén en conta o papel dos **axentes de xuventude en sentido amplo**, entendendo por tales a todas as persoas ou entidades que con autonomía de acción e organización, interveñen no ámbito da mocidade: axentes sociais, educativos, culturais, deportivos, políticos, municipais... aos que haberá que incorporar ao proceso de toma de

decisións, atender as súas demandas e construír as políticas e servizos coa súa participación activa e en clave de colaboración. Non é posible entender o desenvolvemento deste plan sen o seu concurso.

Partimos dunha visión integradora que considera tamén as persoas novas como axentes de mocidade e, polo tanto, como axentes actuais do desenvolvemento económico e social do territorio no que viven.

Dentro destes axentes podemos destacar:

- **As escolas de educación no tempo libre**, como centros de formación, perfeccionamento e especialización nas actividades e técnicas orientadas á axeitada utilización e á promoción do ocio e o tempo libre. Na actualidade hai 82 escolas de tempo libre rexistradas na Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.
- **As asociacións xuvenís**, como agrupacións de mozos e mozas que se xuntan, se organizan e traballan a prol do seus intereses como xuventude. No censo de entidades xuvenís da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado figuran inscritas 127 asociacións xuvenís.
- **As entidades prestadoras de servizos á xuventude**, como agrupacións institucionalizadas que desenvolven actividades destinadas á mocidade. No censo de entidades xuvenís da DXXPV figuran inscritas 399 entidades prestadoras de servizos á xuventude.
- **As entidades de acción voluntaria**, como entidades sen ánimo de lucro que de xeito organizado e estable realizan programas en relación con actividades de interese xeral que contribúen a promover a mellora das condicións de calidade de vida das persoas ou o benestar social. No Rexistro de Acción Voluntaria hai actualmente máis de 1000 entidades inscritas.

Marco teórico sobre a participación das persoas novas

A participación configúrase como un dos valores fundamentais nos que se basean as políticas de intervención no ámbito xuvenil, e entendemos que se han de plasmar na incorporación das persoas novas ao deseño, posta en marcha e avaliación das actuacións dirixidas a elas, aínda a pesar de que as experiencias de participación da cidadanía no deseño e implantación de políticas en diferentes ámbitos, así como máis concretamente as persoas novas, non están xeneralizadas na nosa contorna.

Consideramos dous enfoques principais que xustifican a decisión de promoción da participación das persoas novas en procesos de definición e posta en marcha de políticas para persoas novas:

- Primeiramente, un enfoque práctico. Constátase a escasa eficacia (logro de obxectivos) e eficiencia (uso óptimo dos recursos) das actuacións que pretenden incidir neste colectivo e non contan coa súa participación.
- En segundo lugar, outro de carácter ético, filosófico, político e pedagóxico. A participación é un elemento determinante para afondar na democracia na medida en que constitúe un aspecto fundamental para a integración social. Reforza o sentimento de cidadanía e axuda á adquisición de maiores cotas de responsabilidade sobre o desenvolvemento vital por parte das persoas que toman parte nestes procesos.

Esta segunda motivación leva consigo aparelladas outras cuestións que apoian a necesidade de incorporar a participación, entre as que podemos destacar:

- A maior aceptación entre as persoas novas das iniciativas das políticas públicas e, nomeadamente, da DXXPV e as súas actuacións.
- Dar resposta aos intereses reais deste sector de poboación.

- Dar resposta a unha demanda de igualdade por parte deste colectivo.
- Impulsar a conciencia cidadá: empoderamento, aumento das capacidades, creación de cidadás e cidadáns concernidos polo público e transformación da cultura política.

Todas estas razóns hannos de empurrar a buscar e facilitar a implicación das persoas novas no deseño, posta en marcha e avaliación das actuacións dirixidas a elas. Non obstante, tamén é necesario ter en conta e interiorizar unha serie de aspectos relacionados coa posta en marcha de accións participativas con persoas novas:

- **Traballar conxuntamente non se ha de confundir con intercambiar roles.** É importante que todo o mundo entenda o seu papel, e non confundir o cambio na relación cun cambio das responsabilidades de cada un dos axentes.
- **Diferenciar entre un proceso participativo e un momento participativo.** O proceso é aberto, flexible, dinámico e require dunha certa estrutura organizativa e dinamización do proceso, así como o establecemento dunhas regras do xogo. O momento participativo é un feito puntual onde se reflexiona ou decide de maneira colectiva.
- **Delimitar o marco do debate,** especialmente polo que se refire á existencia ou non de criterios ou límites previos ao comezo do proceso.
- **Delimitar claramente a temporalidade** e, polo tanto, os momentos de apertura e peche.
- **Definir a dimensión do proceso en función da temática,** xa que esta implicará necesariamente procesos máis ou menos longos e/ou complexos.

- **Dimensionar o proceso aos recursos humanos e económicos dispoñibles**, non só para o propio proceso senón tamén para as consecuencias que del se deriven.
- **Definir en que fases dun proxecto se realizará o proceso participativo** (diagnóstico, definición de propostas, implementación e avaliación). Isto é especialmente importante xa que dependendo das fases requiriranse técnicas e dinámicas diferentes.
- **Facilitar que o proceso sempre sexa inclusivo e non exclusivo**, de maneira que lonxe de pechar a participación aos que se vinculan, esta permita a fácil incorporación daqueles que o desexen.
- **Garantir que a participación sexa informada, deliberativa, en igualdade**, que chegue a resultados concretos e que teña unha resposta ou devolución ás e aos participantes.

Aínda así, a incorporación destes aspectos non garante que resulte unha tarefa fácil xerar procesos participativos que contén cunha alta participación por parte das persoas novas ou os axentes que traballan con ou para estas.

Neste sentido, de seguido enuméranse unha serie de elementos ou claves favorecedoras da participación das persoas novas:

Motivación

Tanto as persoas novas como os axentes de xuventude han de ter un obxectivo ou finalidade á hora de participar que responda a unha necesidade ou desexo co que se sintan identificados. A promoción da participación debe responder á vontade e/ou necesidade das persoas novas ou axentes ás que vai dirixida a acción participativa.

Sentimento de pertenza

A pertenza ao grupo ou comunidade das persoas novas e dos axentes facilitará a percepción de que aquilo que se trata, realmente lles afecta e vai con eles e elas e determinará a súa implicación no proceso. Aínda que pareza algo obvio é importante lembrar que o sentimento de pertenza dos promotores da participación non supón necesariamente o das persoas novas e axentes.

Punto de partida

Utilizar como elementos de enganche ou punto de partida os centros de interese e as demandas das persoas novas e dos axentes. Especialmente as actividades de lecer e tempo libre no caso das primeiras.

Gradualidade

Debe ser, especialmente no caso das persoas novas, un proceso gradual, comezando pola participación en aspectos máis sinxelos, concretos e de carácter puntual antes de pasar a outros máis complexos e continuados no tempo.

Expectativas de capacidade de decisión e posibilidade de cambio

As persoas novas e os axentes han de constatar que realmente aquela estrutura na que participan serve para algo, que existe a posibilidade de cambiar as cousas. Non deben, por tanto, xerarse expectativas que non se sabe se se poderán cumprir.

Concreción

As persoas novas son pragmáticas e, polo tanto, necesitan que o proceso participativo non se dilate no tempo nin en ambigüidades, senón que hai que delimitar moi ben o espazo, o

tempo e a formulación dos proxectos. Sen deixar de lado os procesos, e aínda que iso non deixa de ser importante no tema da participación, é importante o logro de resultados, adecuando para iso os tempos e os discursos, e concretando os acordos e compromisos.

Sentimento de liberdade

Tanto as persoas novas como os axentes que toman parte nestas estruturas han de facelo con plena liberdade para expresarse. Os espazos de encontro e traballo han de ser suficientemente abertos e flexibles para que as persoas se sintan cómodas.

Empoderamento

As persoas novas, debido ás desigualdades interxeracionais existentes, necesitan percibir certo empoderamento respecto dos promotores da participación, normalmente persoas adultas ou con actitudes adultas. Para iso é importante que, como mínimo durante o proceso participativo, os promotores se sitúen nun plano diferente ao habitual e teñan unha actitude de escoita activa, de interese e valoración das súas opinións.

Formas próximas

As persoas novas, consciente ou inconscientemente, dan moita importancia ás formas nos procesos de identificación colectiva. Polo tanto, deben evitarse formas demasiado solemnes ou institucionais, así como recursos propios dun rexistro máis adulto (linguaxe técnica, etc.).

Seguridade

As persoas mozas necesitan sentirse acollidas e que o traballo se desenvolva nun ambiente-clima construtivo, positivo e de respecto.

Resultados da participación da xuventude

Como punto de partida para establecer cales son os retos de futuro para a xuventude en Galicia, así como as medidas a poñer en marcha, cómpre atender a estudos sobre a mocidade de ámbito estatal, así como a outras iniciativas de indagación, como as que se desenvolveron para a elaboración do *Diagnóstico situacional* do que parte o novo Plan de xuventude 2021.

Repasaremos brevemente as principais conclusións do referente máis recente e significativo, o *Informe Juventud en España 2016*¹⁴, do INJUVE, cuxas conclusións entendemos que se poden trasladar á realidade galega, e engadiremos as intuicións que achega o *Diagnóstico situacional* que se promoveu para a elaboración deste Plan.

Conclusións do Informe Juventud en España 2016

As persoas autoras do *Informe Juventud en España 2016* manifestan o seguinte antes de presentar as conclusións do seu informe:

"O *Informe Juventud en España 2016* ten como obxectivo analizar os trazos fundamentais que caracterizan hoxe a mocidade en España a través dun estudo pormenorizado das principais áreas en que desenvolven as súas vidas os mozos e mozas, do contexto socioestrutural no que desenvolven as súas transicións e das estratexias que pon en marcha para tratar de chegar a ser persoas autónomas (...)

(...) O propósito último que guiou o traballo do equipo que realizou este informe é o de comprender a mocidade que xorde da crise, é dicir, qué tipo de mocidade afrontará esta nova etapa da nosa vida colectiva e en que condicións xeracionais o fará”.

Velaquí as súas conclusións:

Sobre o contexto demográfico

- Cada vez menos novos e máis diversos.

A situación social dos mozos. Traxectorias educativas e situación laboral

- Desemprego xuvenil e prolongación dos estudos, as dúas caras da relación coa actividade económica.
- Unha estrutura educativa polarizada: mozos moi formados fronte a mozos con escasa formación.
- O abandono educativo temperá diminuíu de forma notable durante a crise, pero aínda afecta a un de cada cinco mozas e mozos.
- Estudiar na universidade implica un importante esforzo económico para as familias e o estudantado.
- Desigualdades sociais e de xénero nas traxectorias educativas dos mozos e mozas.
- A transición escola-traballo: canto máis educados menos desempregados.
- A sobrecualificación obxectiva permanece pero descende a subxectiva.

- O empeoramento da situación laboral dos mozos e mozas é unha tendencia xeneralizada en toda Europa.
- A presenza dos mozos no mercado de traballo cada vez é máis reducida.
- Máis temporalidade, menor poder adquisitivo e máis desemprego respecto de 2008.
- A experiencia laboral das persoas mozas ocupadas caracterízase pola inestabilidade e a inseguridade.
- A pesar das dificultades, a xuventude móstranse activa e optimista na procura de emprego.

Condicións de vida e autonomía xuvenil

- Menos independencia económica e máis axuda da familia.
- O traballo regular segue sendo a clave para a independencia económica xuvenil.
- Persiste a tardía emancipación residencial dos mozos e mozas.
- A emancipación do fogar familiar séguese facendo en parella.
- Os fogares novos incorporan cada vez unha maior diversidade.
- Os fogares novos son sostidos maioritariamente polos propios mozos e mozas.

O benestar subxectivo dos mozos e mozas

- Satisfeitos coa vida e preocupados polo traballo.
- A xuventude cre que estamos ante un cambio estrutural que lle afecta especialmente.
- As expectativas de futuro están marcadas polas difíciles condicións vitais desta xeración.
- A pesar de todas as dificultades ven o futuro con optimismo.

Relacións sociais, experiencias e estilos de vida

- O lecer xuvenil tende a ser un lecer compartido con outros e está bastante determinado pola capacidade de gasto.
- O lecer nocturno móvese entre o espazo da transgresión e o da relaxación.
- A mediación tecnolóxica transforma as prácticas sociais e comunicativas dos mozos e das mozas.
- A xuventude en xeral ten un bo estado de saúde e móstrase interesada en levar unha vida saudable.



- O consumo de alcol e tabaco por parte da xente nova reproduce as pautas maioritarias da poboación.
- A mortalidade xuvenil segue unha tendencia descendente. Os suicidios e os accidentes de tráfico son a segunda e terceira causa de morte xuvenil.
- As prácticas sexuais cada vez son máis precoces pero tamén son máis seguras.

Valores colectivos e implicación sociopolítica

- As identidades colectivas das persoas novas son moi pouco relixiosas, máis ben localistas e ideoloxicamente de centro esquerda.
- As valoracións sobre a sociedade oscilan entre o pragmatismo moderado e a demanda de cambios profundos.
- A estendida crítica á desigualdade social leva a reclamar cambios pero non a impugnar o sistema.
- A condición cidadá xuvenil desenvólvese nun contexto de desconfianza institucional.
- Os mozos e mozas interésanse máis pola política, pero fano desde unha posición moi crítica.
- Considéranse máis competentes politicamente a pesar do incremento da desafección e o malestar democrático.

Achegas do *Diagnóstico situacional* para o novo Plan

Tal e como quedou explicado anteriormente, cando falamos de persoas novas estamos a falar, segundo a **Lei 6/2012**, de persoas de entre 14 e 30 anos. Esta franxa de idade ás veces non limita dunha forma clara a este colectivo (hai actividades que cómpre ser desenvoltas para persoas máis novas e tamén máis maiores).

No *Diagnóstico situacional* segmentouse o colectivo nas seguintes franxas de idade:

- Entre 14 e 18 anos.
- Entre 19 e 22 anos.
- Entre 23 e 26 anos.
- Entre 27 e 30 anos.

Non hai unha xuventude. Podemos dicir que hai varias, se atendemos a distintos criterios. Con este cronolóxico, resulta evidente que os intereses de persoas novas de 14 anos (escolarizadas en ESO) non se corresponden cos intereses e demandas de persoas de entre 27 e 30 anos.

Que valoran as persoas novas como o máis importante

Na fase de indagación sobre a situación actual da xuventude en Galicia, o Diagnóstico solicitoulles ás persoas participantes nunha enquisa en liña que se dinamizou desde www.xuventude.xunta.es que ordenaran do 1 ao 12 por orde de importancia os sectores básicos de transversalidade. Das 271 respostas recollidas de persoas de entre 14 e 30 anos, os temas que foron escollidos entre os tres máis importantes acadaron a seguinte relación:

RELEVANCIA	TEMA	PORCENTAXE
1	EDUCACIÓN	68,63%
2	EMPREGO	61,62%
3	IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES	37,27%
4	VIVENDA	25,09%
5	INFORMACIÓN E FORMACIÓN	23,99%
6	SAÚDE E DEPORTE	21,40%
7	IR A OUTROS LUGARES	18,82%
8	MEDIO AMBIENTE	18,82
9	CREATIVIDADE E ESPÍRITO EMPRENDEDOR	10,33%
10	DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	8,49%
11	PARTICIPACIÓN E ASOCIACIONISMO	3,69%
12	VOLUNTARIADO	1,85%

Que suxestións fixeron

Preguntóuselles ás persoas novas, a través de cuestionarios en liña e sobre todo en encontros presenciais, **que cousas concretas debería facer a Xunta de Galicia pola xuventude de Galicia nos vindeiros 10 anos?**

Sobre educación formal e non formal

- Promover a educación para a igualdade.
- Revalorizar a educación non formal, nomeadamente como ámbito de adquisición de competencias prácticas para a inserción laboral.

- Adaptar a educación formal ás individualidades de cada quen: persoas con discapacidade, mozas e mozos con outras capacidades...
- Promover a innovación educativa en todos os ámbitos para unha educación máis práctica e con novas metodoloxías (máis cooperativas, máis activas, con maior participación do alumnado...).
- Ofrecer máis axudas para o estudo en todo o ciclo formativo.
- Mellorar a orientación dos obradoiros de emprego, axustando as necesidades formativas ao mercado de traballo, entre outras cousas.

Sobre emprego e traballo

- Facilitar o desenvolvemento de experiencias laborais no eido vocacional de cada persoa nova.
- Facilitar o emprendemento, reducindo a burocracia e achegando ás persoas protagonistas acompañamentos persoais de calidade no seu proceso de emprendemento.
- Ofrecer axudas a fondo perdido para persoas novas emprendedoras.
- Promover a relación entre institucións educativas e empresas para facilitar a inserción laboral de persoas novas: bolsas de emprego con empresas; bolsas para contratacións; mediación laboral efectiva, sobre todo grazas a persoas mediadoras competentes e motivadas...
- Xerar oportunidades reais de inserción laboral para persoas novas con máis dificultades: menores en protección, mozos e mozas con discapacidade, mocidade en situación ou risco de exclusión social, persoas novas sen recursos económicos...

Sobre vivenda

- Incrementar as axudas á vivenda, tanto para alugamento como para adquisición.

Sobre territorio e mobilidade

- Facilitar a apertura das persoas novas a Europa. Viaxes, encontros, proxectos conxuntos...
- Prestar unha maior atención ás provincias do interior de Galicia, ao medio rural.
- Asegurar a igualdade de oportunidades para a mocidade das vilas pequenas, e nomeadamente, mellorar o transporte público, a mobilidade.
- Facilitar recursos e medios para vivir no rural, para favorecer o asentamento da xente nova no rural.

Sobre o estilo de relación coas persoas novas

- Desenvolver unha comunicación máis efectiva das iniciativas que despregan as administracións.
- Mellorar a orientación para a toma de decisións, sobre todo grazas ao acompañamento de profesionais competentes e comprometidos con procesos de acompañamento a persoas novas.
- Fomentar a participación real das persoas novas, para deixar de ser só meros consumidores de programas.
- Ofrecer menos estratexias e máis ferramentas prácticas para dar solucións ás

necesidades inmediatas das persoas novas.

- Aprender a motivar ás persoas novas, entre outras cousas traballando con pais e nais e abandonando actitudes paternalistas coa xuventude e xuízos negativos que resultan limitantes para o traballo neste eido.

Sobre coordinación e colaboración entre axentes de mocidade

- Apoiar de forma real o traballo en rede, sobre todo xerando condicións de sustentabilidade para os axentes de maior proximidade ás persoas novas.
- Realizar unha coordinación institucional, entre administracións, máis efectiva.
- Avanzar na accesibilidade e transparencia das administracións.
- Confiar no voluntariado e nas entidades de iniciativa social como ferramentas para xerar oportunidades para as persoas novas impulsando a súa acción e coordinación entre si e coas administracións.



Principios de elaboración do Plan de xuventude de Galicia 2021

Tendo en conta as propostas recollidas na fase de *Diagnóstico situacional*, a elaboración do novo Plan de xuventude de Galicia 2021 parte de tres principios fundamentais:

1. PARTICIPACIÓN

O principio de participación das persoas novas



3. COORDINACIÓN

O principio de coordinación efectiva dos Axentes de xuventude



2. DESENVOLVEMENTO DA REDE

O principio do desenvolvemento da rede de Servizos de Xuventude



O principio da participación das persoas novas

Este Plan ten o obxectivo de promover as condicións necesarias para a participación libre e eficaz da xuventude na realidade e no desenvolvemento socioeconómico de Galicia.

Para dar resposta a este reto, a DXXPV deberá ser un espazo de referencia que mostre a posibilidade e riqueza de contribución da participación xuvenil.

O principio do desenvolvemento da rede de servizos de xuventude

Esta estratexia ten o desafío de desenvolver de xeito efectivo e eficiente a rede de servizos de xuventude.

Para dar resposta a este reto, a DXXPV debe ser recoñecida pola mocidade en primeira instancia, así como polo resto dos axentes de xuventude e pola sociedade en xeral, como referente impulsor e dinamizador de políticas públicas de xuventude.

A acción dos axentes de xuventude debe asentarse nun coñecemento científico da xuventude galega.

O principio da coordinación efectiva dos axentes de xuventude

Esta estratexia baséase no principio de que os axentes de xuventude contribúan de forma efectiva e coordinada a dar resposta ás inquiredanzas e necesidades das persoas novas.

Para dar resposta a este obxectivo, a DXXPV debe establecer procesos xenuínos de escoita activa aos mozos e mozas, de participación real e efectiva da xuventude, así como establecer coordinacións cos axentes de xuventude, aos que ten a responsabilidade de impulsar, coordinar e dinamizar.

Referentes europeos e estatais

Cómpre destacar que **o novo Plan de xuventude de Galicia 2021 está en sintonía cos referentes estatais e europeos**, concretamente coa Estrategia Europea de la Juventud 2019-2027 e coa Estrategia Juventud 2020 de España.

Estrategia Europea de la Juventud 2019-2027

A Estrategia Europea de la Juventud, proposta pola Comisión Europea, para o período 2019-2027, comprende actividades agrupadas en tres ámbitos:

- **Involucrarse (Engage):** fomentar a participación da mocidade na vida cívica e democrática. Neste punto prevese o lanzamento dun novo diálogo da UE en materia de xuventude, así como a consolidación do Portal europeo da xuventude como único punto de entrada dixital para os mozos e mozas.
- **Conectarse (Connect):** conectar a mocidade na Unión Europea e fóra dela para fomentar o compromiso voluntario, a mobilidade de aprendizaxe, a solidariedade e a comprensión intercultural. Neste punto impulsarase o Corpo Europeo de Solidariedade.
- **Empoderarse (Empower):** apoiar o empoderamento da mocidade a través da calidade, a innovación e o recoñecemento do traballo cos mozos e mozas.

Estrategia Juventud 2020 de España

Pola súa banda, a Comisión Interministerial para la Juventud, que preside o Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, acordou elaborar a *Estrategia Juventud 2020 de España*¹⁵, na que se recollen as distintas actuacións que lles afectan aos mozos e mozas tanto na actualidade como no futuro próximo. O obxectivo é poñer en valor as distintas medidas e difundir ao máximo as oportunidades que se lle ofrece á xuventude, coa firme convicción de que hai que facer todo o posible por buscar solucións, optimizar os recursos dispoñibles e levar a cabo políticas e programas eficaces que xeran as oportunidades que os mozos e mozas necesitan.

As administracións deben facer un gran esforzo para encontrar solucións e maximizar os recursos dispoñibles co obxectivo de formular programas e medidas eficaces.

Neste sentido, **o novo Plan de xuventude de Galicia 2021 fai seus os tres obxectivos xenéricos nos que se articula a Estrategia Juventud 2020 de España**, en sintonía cos Obxectivos da Estrategia 2020 da Unión Europea, e aprobada polo Consejo de Ministros o 12 setembro de 2014.

Estes tres obxectivos son os seguintes:



15. Estrategia Juventud de España 2020. <http://www.injuve.es/sites/default/files/2015/15/noticias/EstrategiaJuventud2020.pdf>

A Estrategia Juventud 2020 de España establece uns eixes clave de desenvolvemento de medidas e iniciativas de políticas públicas. Estes eixes gardan unha íntima relación cos **sectores básicos da transversalidade que establece a Lei 6/2012, de xuventude de Galicia.**

Esta é a equivalencia entre os dous referentes:



ESTRATEGIA JUVENTUD 2020	LEI 6/2012
<p>EIXO CLAVE 1: EDUCACIÓN E FORMACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Mellorar a calidade do Sistema Educativo Español para aumentar a empregabilidade e o emprendemento. • Impulsar a formación non formal. • Identificar e fomentar novos nichos e xacementos xeradores de emprego a través da formación. 	<p>01. EDUCACIÓN (formal e informal)</p> <p>08. INFORMACIÓN E FORMACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Obter o máximo rendemento das TIC na comunidade educativa. • Apoiar a educación non formal como complemento da formal. • Corrixir comportamentos sexistas.



ESTRATEGIA JUVENTUD 2020	LEI 6/2012
<p>EIXO CLAVE 2: EMPREGO E EMPRENDEMENTO</p> <ul style="list-style-type: none"> • Potenciar a creación de oportunidades de emprego novo. • Impulsar a inserción da mocidade no mercado laboral. • Incrementar o número de mozos e mozas que se establecen como autónomos e potenciar a creación de empresas por menores de 30 anos. • Fomentar a cultura emprendedora. • Promover a implantación do sistema de garantía xuvenil. 	<p>02. EMPREGO</p> <ul style="list-style-type: none"> • Mellorar a empregabilidade. • Mellorar a adaptabilidade da xuventude cara a novos sectores de emprego. • Acadar a igualdade de oportunidades, nomeadamente entre homes e mulleres. <p>03. CREATIVIDADE E ESPÍRITO EMPRENDEDOR</p> <ul style="list-style-type: none"> • Potenciar un sistema de actitudes e preocupacións propio. • Facilitar a creación de postos de traballo propios e apoiar a posta en marcha de propios proxectos empresariais. <p>09. MOBILIDADE E TURISMO</p> <ul style="list-style-type: none"> • Potenciar o coñecemento da diversidade e riqueza cultural. • Contribuír á formación e inserción laboral.

ESTRATEGIA JUVENTUD 2020	LEI 6/2012
<p>EIXO CLAVE 3: VIVENDA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Aumentar a taxa de emancipación xuvenil. 	<p>04. VIVENDA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Facilitar procesos de autonomía persoal desenvolvendo políticas transversais de acceso a unha vivenda digna.



ESTRATEGIA JUVENTUD 2020	LEI 6/2012
<p>EIXO CLAVE 4: SAÚDE, LECER E DEPORTE</p> <ul style="list-style-type: none"> • Promover actuacións encamiñadas a fomentar hábitos de vida saudables. • Diminuír o consumo de drogas e estupefacientes. • Loitar contra calquera tipo de violencia ou discriminación. 	<p>05. SAÚDE E DEPORTE</p> <ul style="list-style-type: none"> • Promover a saúde e hábitos de vida saudables. • Dar unha resposta integral ao sedentarismo e ao sobrepeso.



ESTRATEGIA JUVENTUD 2020	LEI 6/2012
<p>EIXO CLAVE 5: PARTICIPACIÓN, VOLUNTARIADO, INCLUSIÓN E IGUALDADE</p> <ul style="list-style-type: none"> • Potenciar as canles e ferramentas para aumentar a participación e o voluntariado dos mozos e mozas asociados e non asociados, especialmente vinculados ás TIC. • Loitar contra a exclusión social dos sectores máis desfavorecidos da poboación xuvenil. • Promoción da igualdade. 	<p>06. PARTICIPACIÓN E ASOCIACIONISMO</p> <ul style="list-style-type: none"> • Impulsar o asociacionismo xuvenil. • Favorecer a participación de grupos informais de mozos e mozas. <p>07. VOLUNTARIADO</p> <ul style="list-style-type: none"> • Adaptar para a mocidade os obxectivos e recomendacións da UE nesta materia. <p>11. IGUALDADE</p> <ul style="list-style-type: none"> • Fomentar relacións baseadas na igualdade, respecto e solidariedade. • Prestar información e educación no eido das relacións afectivo-sexuais. • Promover programas específicos en prevención da violencia de xénero, acoso sexual e discriminación.





ESTRATEGIA JUVENTUD 2020

LEI 6/2012

EIXO CLAVE 6: COOPERACIÓN INSTITUCIONAL

- Impulsar a colaboración entre administracións públicas, organismos nacionais e internacionais e entidades xuvenís cuxas actuacións inciden sobre a mocidade, a través dos seguintes ámbitos de cooperación xuvenil:


- » *Comisión Interministerial para a Mocidade.*
- » *Consello Interterritorial de Mocidade.*
- » *Federación Española de Municipios e Provincias.*
- » *Unión Europea. Erasmus+.*
- » *Consello da Mocidade de España.*
- » *Consello de Europa. Mocidade.*
- » *Organización Iberoamericana de Mocidade OIJ.*
- » *Novos espazos internacionais.*

10. DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- Fomentar o funcionamento en galego.
- Atender á formación lingüística de persoal técnico de xuventude.
- Favorecer a interrelación de mozos e mozas de diferente perfil lingüístico.

12. MEDIO AMBIENTE

En definitiva, **o Plan de xuventude 2021 está en sintonía cos referentes estatais e europeos, e achega ámbitos de desenvolvemento de medidas e iniciativas propias**, como é o caso da Dinamización lingüística e do Medio ambiente.



Ámbitos prioritarios de actuación do Plan 2021

O novo Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2021 será a folla de ruta que guiará as accións que se desenvolverán neste ámbito nos próximos anos, co fin de afrontar os retos e desafíos da xuventude galega da vindeira década.

Neste sentido, o Plan establece unha serie de **ámbitos prioritarios de actuación**, dos cales emanarán as diferentes medidas, tanto da DXXPV como do resto de departamentos da Xunta de Galicia, que se levarán a cabo neste período.

Os ditos ámbitos prioritarios de actuación son os seguintes:

XUVENTUDE, EMPREGO E EMPRENDEMENTO

O emprego é un ámbito de actuación fundamental das políticas en materia de xuventude. A xuventude é o futuro da sociedade, o motor do cambio e, por tanto, favorecer a súa inserción no mercado laboral é fundamental.

A Estratexia de *Emprendimiento y Empleo Joven 2013-2016* estableceu entre as principais causas do desemprego xuvenil en España, con translación en parte a Galicia, as seguintes: a alta taxa de abandono escolar, a polarización do mercado de traballo, o escaso peso relativo da Formación Profesional de grao medio, a escasa empregabilidade da xuventude especialmente no relativo ao coñecemento de idiomas estranxeiros, alta temporalidade, alta contratación parcial non desexada, difícil acceso ao mercado laboral dos grupos en risco de exclusión social e a necesidade de mellorar os niveis de autoemprego e iniciativa empresarial entre a poboación nova.

O Goberno galego leva actuando sobre todos estes aspectos nos últimos anos. Froito deste traballo, **Galicia posiciónase como a comunidade autónoma cunha menor proporción de parados menores de 30 anos** (o 12,58% do total de paro rexistrado); situándose así a taxa de paro xuvenil (mozos e mozas de entre 16 e 29 anos) nun 21% ao peche do 2019, fronte ao 23,8 do conxunto de España.

O período de crise económica tivo unha repercusión negativa no índice de emprego en Galicia provocando unha caída significativa, como no resto do conxunto de España. Cómpre lembrar que a taxa de paro xuvenil chegou a acadar porcentaxes do 36 ou 38 % en 2012 e 2013, respectivamente. Estes datos comezaron a mellorar de xeito significativo a partir de 2016.

Por outra banda, e en relación co emprendemento¹⁶, **un 33,53% dos e das estudantes galegas queren ser emprendedores**, fronte ao 34,79 % que elixe converterse en asalariado ou asalariada para unha compañía privada. Facer carreira como funcionario ou funcionaria, segundo este estudo, é a opción elixida por só o 31,68 %.

En definitiva, e partindo deste contexto de mellora da inserción laboral da xuventude galega, o Plan de xuventude 2021 contempla medidas xa consolidadas en materia de emprego, á vez que se poñerán en marcha actuacións innovadoras para conseguir unha mellor integración laboral dos mozos e mozas, promover o seu autoemprego e o emprendemento, así como fomentar a colaboración cos diferentes axentes sociais.

Deste xeito, buscarase favorecer as prácticas formativas e a mobilidade xuvenil co fin de promover a iniciativa, a empregabilidade e o emprendemento dos mozos e mozas. En concreto, o obxectivo final é **facilitar a transición entre o mundo académico e o laboral**, achegando as capacidades e destrezas necesarias que dean resposta aos novos retos e perfís profesionais.

XUVENTUDE E MEDIO RURAL

Tal e como se desprende do *Diagnóstico situacional* elaborado para a construción deste novo Plan de xuventude 2021, **os mozos e mozas galegos están orgullosos de Galicia e do seu rural.**

No ámbito rural, en franxas de idade máis novas xorden experiencias non só do ámbito agrogandeiro, senón tamén vinculadas á innovación social e tecnolóxica que, ademais de amosar un claro orgullo identitario, son unha demostración das oportunidades que ofrece o medio rural para desenvolverse e prosperar.

Co fin de acompañar a mocidade que quere emprender no rural, cada ano apóiase a **creación de explotacións agrícolas ou incorporación a unha existente por parte dos mozos e mozas.** A través desta liña de axudas búscase favorecer o autoemprego da xuventude e promover a asunción de responsabilidades de xestión e dirección das explotacións.

Por tanto, o obxectivo último deste ámbito prioritario de actuación pasa por dar a coñecer as oportunidades que ofrece o rural para o desenvolvemento profesional das mozas e mozos galegos e fomentar que poidan poñer en marcha os seus proxectos de emprendemento, así como favorecer a súa inserción laboral. Entre outras accións:

- Promoverase a participación da xuventude do rural nas diferentes accións de educación non formal que se realicen para mellorar capacidades e adquirir novos coñecementos.
- Fomentarase a aprendizaxe pola práctica en contornas rurais.
- Premiaranse os mellores proxectos mozos xurdidos do rural.

XUVENTUDE E XACOBEO 2021

O Xacobeo 2021 será, sen dúbida, o gran símbolo dunha xeración de mozos e mozas. O obxectivo é que o sintan como propio e que aproveiten esta oportunidade para desenvolver as súas ideas desde os diferentes ámbitos: social, cultural, creativo, emprendemento, etc.

Por tanto, e tomando como referencia os valores que definen o propio Camiño de Santiago, buscarase implicar a xuventude no Xacobeo 2021 a través de diferentes accións de voluntariado, así como incentivando o emprendemento e o desenvolvemento profesional das mozas e dos mozos ao redor deste acontecemento de vital importancia para Galicia.

XUVENTUDE, TALENTO E CREATIVIDADE

As mozas e mozos galegos son creativos, innovadores e talentosos. Cómpre poñer en valor e distinguir estas capacidades para así alcanzar dous obxectivos:

- 1. Recoñecemento social:** impulsarase unha maior visibilidade ás ideas e proxectos da xuventude galega para que a sociedade en xeral os coñeza.
- 2. Efecto multiplicador:** un maior coñecemento e recoñecemento de casos de éxito xuvenil en diferentes ámbitos (deporte, emprendemento, ciencia, etc.) axudará a outros mozos e mozas a levar a cabo as súas iniciativas, logrando así que se identifiquen con referentes próximos e realistas.

En definitiva, neste ámbito prioritario de actuación, o obxectivo pasa por apoiar, visibilizar e recoñecer o talento e a creatividade da mocidade galega.

XUVENTUDE E FORMACIÓN

Segundo o Informe da Mocidade en España do INJUVE do ano 2016, as traxectorias educativas das persoas novas en España están marcadas por tres peculiaridades bastante constantes, que as diferencian dos mozos e mozas doutros países europeos.

- En primeiro lugar, un cuarto dos mozos e mozas abandona os estudos sen obter o graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).
- En segundo lugar, as taxas de titulados superiores son das máis altas de Europa, xa que un 42 % dos mozos e mozas de 30 a 34 anos rematou unha educación superior de ciclo formativo ou universitario.
- E, en terceiro e último lugar, como consecuencia do anterior, España ten unha das taxas europeas máis baixas de mozos cunha formación profesional de grao medio.

Aínda así, a realidade galega presenta unha serie de diferenzas positivas froito do traballo realizado nos últimos anos desde a Xunta de Galicia. Neste sentido, cómpre destacar os datos vinculados co abandono educativo temperá, coa aprendizaxe de linguas estranxeiras ou coa Formación Profesional.

- **Abandono educativo temperá: en 2018, Galicia rexistrou a taxa media anual máis baixa de abandono educativo temperá** desde que se dispón de rexistros, un 14,3 %, o que supón 11 puntos menos que a que había en 2009 (25,8 %). Así mesmo, esta porcentaxe supón cumprir co obxectivo marcado para España pola UE para 2020, fixado nun 15 %.
- **Implantación do plurilingüismo:** o obxectivo pasa por ofrecer máis oportunidades e destrezas aos mozos e mozas para que poidan desenvolverse neste mundo global, no cal as linguas estranxeiras xogan un papel fundamental. Por iso, **nos últimos anos apostouse polo ensino plurilingüe, estendéndoo a todos os niveis educativos.**

- **Formación Profesional:** os mozos e mozas que optan por cursar un ciclo formativo multiplicáronse nos últimos anos, dado que a matrícula subiu en case un 50 %. E, paralelamente, tamén **creceu a inserción laboral, sobre todo no caso da FP Dual**, onde o último estudo confirma unha taxa de inserción do 90 % (isto é, 9 de cada 10 alumnos de FP Dual conseguiron un emprego ao rematar os estudos).

Mais, alén da formación regrada, **é importante seguir afondando na educación non formal para fomentar a adquisición de novas capacidades e habilidades** en diferentes eidos que quedan fóra do currículo educativo. Así mesmo, a través da educación non formal axúdase a promover a formación ao longo da vida (*Lifelong Learning*), dando resposta aos novos retos e desafíos que van xurdindo co paso do tempo.

Establecer un plan de formación anual para a xuventude no ámbito da educación non formal é unha tarefa prioritaria para dar resposta ás demandas dos mozos e mozas, así como ás dos diferentes axentes que traballan coa xuventude, cuxa actualización de coñecementos é vital para encaixar a prestación de servizos coas necesidades da mocidade. Neste sentido, a aprobación do novo Decreto, que regula os servizos á xuventude, xogará un papel fundamental, sobre todo no relativo á educación no tempo libre.

XUVENTUDE E PARTICIPACIÓN

A conclusión de diversos estudos (*Albero, 2010; Banaji e Buckingham, 2010*) é que, aínda que os mozos e mozas se preocupan por cuestións cívico-políticas, os seus intereses políticos non coinciden cos dos políticos. Os mozos e mozas mostran preocupacións por problemas de carácter colectivo, sobre todo aqueles que lles afectan máis directamente, e teñen interese pola política (en sentido amplo) na medida en que se preocupan pola resolución destes problemas.

Partindo destas conclusións, o novo Plan de xuventude establece este ámbito prioritario de actuación para **mellorar a participación dos mozos e mozas na sociedade, así como a comunicación e información que se lles transmite** desde os departamentos encargados de elaborar políticas para a xuventude. O obxectivo, por tanto, é dobre:

1. Lograr que os mozos e mozas galegos coñezan todos os medios e programas á súa disposición nos diferentes ámbitos, especialmente os recursos que ofrece a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado
2. E fomentar novos canais de comunicación para que a mocidade poida participar e informarse activamente



Eixes de actuación do Plan de Xuventude 2021

Para determinar os eixes de actuación do Plan de xuventude 2021 tomáronse de referencia os Sectores básicos da transversalidade do Título I, Planificación en materia de xuventude, da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia. Estes sectores básicos da transversalidade concentran os eidos nos que a Xunta de Galicia ten que desenvolver as políticas de xuventude.

Son estes:

- | | |
|--|------------------------------|
| 1. Educación | 7. Voluntariado |
| 2. Emprego | 8. Información e formación |
| 3. Creatividade e espírito emprendedor | 9. Mobilidade e turismo |
| 4. Vivenda | 10. Dinamización lingüística |
| 5. Saúde e deporte | 11. Igualdade |
| 6. Participación e asociacionismo | 12. Medio ambiente |

Para cada un destes eixes, o novo Plan de xuventude de Galicia establece un obxectivo estratéxico determinado, e inclúe as diferentes medidas que se van desenvolver nos vindeiros anos co fin de dar resposta ás necesidades e retos de futuro da xuventude galega.

Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2021

	Nº TOTAL DE ACTUACIÓNS	Nº DE ACTUACIÓNS CUN COSTO ECONÓMICO	2019	ESTIMACIÓN 2020	ESTIMACIÓN 2021	IMPORTE TOTAL	% SOBRE O ORZAMENTO TOTAL DOS 12 EIXES DE ACTUACIÓN
01. Educación	41	37	16.708.035,19	16.989.482,19	17.072.482,19	50.769.999,57	14,11 %
02. Emprego	31	31	47.475.687,15	49.841.931,31	43.322.676,50	140.640.294,96	39,09 %
03. Creatividade e espírito	27	24	11.459.750,00	11.139.656,00	10.804.856,00	33.404.262,00	9,28 %
04. Vivenda	14	13	14.064.172,79	13.524.227,00	13.461.258,00	41.049.657,79	11,41 %
05. Saúde e deporte	28	15	12.551.671,86	13.079.620,86	13.124.171,86	38.755.464,58	10,77 %
06. Participación e asociacionismo	17	13	5.666.412,49	6.400.249,49	6.060.249,49	18.126.911,47	5,04 %
07. Voluntariado	19	14	1.395.786,84	805.066,94	1.005.066,94	3.205.920,72	0,89 %
08. Información e formación	26	16	822.972,86	844.825,36	844.825,36	2.512.623,58	0,70 %
09. Mobilidade e turismo	14	11	5.569.112,37	5.849.817,02	5.192.643,21	16.611.572,60	4,62 %
10. Dinamización lingüística	23	22	722.498,07	600.636,00	616.063,00	1.939.197,07	0,54 %
11. Igualdade	15	13	2.955.571,00	1.845.688,00	1.845.688,00	6.646.947,00	1,85 %
12. Medio ambiente	21	17	2.362.916,32	1.878.500,00	1.878.500,00	6.119.916,32	1,70 %
TOTAL	276	226	121.754.586,94	122.799.700,17	115.228.480,55	359.782.767,65	100%
		Capítulo I DXXPV	6.140.620,00	6.119.768,00	6.119.768,00	18.380.156,00	
		TOTAL:	127.895.206,94	128.919.468,17	121.348.248,55	378.162.923,65	

A continuación, enumeramos e describimos todas as 125 grandes medidas previstas no Plan para cada un dos sectores básicos da transversalidade das políticas de xuventude da Xunta de Galicia, vinculando tamén cada eixo a un obxectivo estratéxico determinado.

01 Educación

Obxectivo estratéxico

Consolidar o sistema educativo galego como un modelo de calidade e de equidade, no que se favoreza e se facilite a continuidade nel das persoas novas, se premie a excelencia e se fomente a innovación, o emprendemento e os vínculos co tecido socio-productivo en aras de promover a capacitación e empregabilidade da mocidade.

Departamentos implicados

- DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO
- DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA
- SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES
- SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN
- DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS
- DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICAS CULTURAIAS
- AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN
- INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

Medidas

EDU1. Impulso da Formación Profesional Dual como fórmula para mellorar a inserción laboral futura dos mozos e mozas

Na FP Dual, os alumnos e alumnas alternan a actividade formativa nun espazo de traballo real (unha empresa) con formación no centro educativo. Durante a súa estadía na empresa

reciben unha remuneración en concepto de bolsa ou contrato para a formación.

EDU2. Promover a permanencia ou continuidade dos mozos e mozas no sistema educativo a través de modalidades formativas flexibles e adaptables

Seguirase impulsando a oferta de ciclos de Formación Profesional Básica para evitar situacións de abandono educativo temperá; así como a Formación Profesional Modular para persoas adultas ou os cursos de Aula Mentor.

EDU3. Apoio ao alumnado universitario que presente dificultades económicas por causas imprevistas

Axudas destinadas a paliar a urxente necesidade de recursos económicos que, por causas sobrevidas ocorridas ao longo do curso, poñan en perigo que un mozo ou moza poida continuar cos seus estudos.

EDU4. Favorecer o estudo de másters universitarios por parte de mozos ou mozas desempregados

Axudas destinadas a persoas tituladas universitarias en situación de desemprego para a matrícula dun máster universitario oficial ofertado polas universidades do SUG (Sistema Universitario de Galicia).

EDU5. Favorecer a mobilidade internacional dos mozos e mozas universitarios co obxectivo de mellorar a súa formación académica

Esta medida inclúe as axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola UE no marco do programa comunitario Erasmus+, así como as bolsas destinadas ao alumnado das universidades do SUG que participa en programas de mobilidade con países extracomunitarios.

Así mesmo, tamén se contemplan axudas para que o alumnado realice estadías nalgún estado membro da UE durante o verán co fin de coñecer a lingua dese país.

EDU6. Captación do talento mozo do exterior a través de estudos de máster e FP

A través das 'Bolsas excelencia mocidade exterior', os mozos e mozas residentes fóra poden cursar estudos de máster nunha universidade galega. Unha iniciativa que fomenta a captación e retorno de talento mozo, ao mesmo tempo que axuda a fixar novos residentes no territorio.

EDU7. Promoción da lectura entre a mocidade co fin de favorecer a comprensión lectora e o espírito crítico

Consolidación dos Club de lectura nos centros educativos, así como do Plan de mellora de bibliotecas escolares. Fóra do ámbito lectivo, tamén se fomentará a dinamización da lectura entre os mozos e mozas galegos a través de programas como Ler conta moito.

EDU8. Posta en marcha de programas e accións que melloren o dominio das linguas estranxeiras entre a mocidade

Dentro do sistema educativo continuarase promovendo o plurilingüismo en todas as etapas, con accións dentro e fóra do horario lectivo, como é o caso da STEMweek (campamento científico-tecnolóxico en inglés).

Así mesmo, tamén se ampliarán os acordos de colaboración con entidades formadoras en idiomas estranxeiros para establecer descontos vinculados ao Carné Xove.

EDU9. Fomento das habilidades STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) para facer fronte aos retos e profesións futuras

Tanto no ámbito da educación formal como non formal desenvolveranse accións que promovan as destrezas STEM entre as mozas e mozos galegos. Iniciativas como a posta en marcha de Espazos maker nos centros educativos; ou obradoiros de robótica, 3D, manexo de drons, etc., en instalacións xuvenís, contribúen ao fomento das vocacións científico-tecnolóxicas.

Así mesmo, nos vindeiros anos tamén se ampliarán os centros educativos con STEMBACH, o bacharelato de excelencia en ciencias e tecnoloxía, que favorecerá a conexión directa coa Universidade e que promoverá a vocación do alumnado cara á investigación científica e tecnolóxica, así como a mentalidade científica, a creatividade e o sentido da iniciativa e do emprendemento.

EDU10. Recoñecemento da excelencia académica en todas as etapas educativas

Continuarase a recoñecer e premiar o alto rendemento académico do alumnado nos niveis de ESO, bacharelato e universitario, así como a excelencia educativa en diversos ámbitos.

EDU11. Oferta de bolsas de formación en museos, arquivos, bibliotecas e eido audiovisual

O alumnado universitario poderá recibir formación teórico-práctica en museos, arquivos, bibliotecas e no ámbito audiovisual tras a súa formación académica, mellorando habilidades e adquirindo competencias nun espazo de traballo real.



2. Emprego

Obxectivo estratéxico

A Xunta de Galicia traballará para promover a inserción laboral dos mozos e mozas galegos, facilitando a transición entre a etapa educativa e a laboral mediante accións de orientación para o emprego, prácticas en empresas, apoiando a contratación laboral de mozos e mozas ou favorecendo a capacitación das persoas novas desempregadas e ocupadas co obxectivo de mellorar a súa empregabilidade.

Departamentos implicados

- DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO
- AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN
- IGAPE
- SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO
- DIRECCIÓN XERAL DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL
- DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA
- SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES
- DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO

Medidas

EM1. Apoio á mocidade no desenvolvemento da súa carreira de investigación nas universidades de Galicia

Reforzo dos contratos predoutorais, que inclúen estadías no estranxeiro para mellorar a formación dos mozos e mozas, así como do apoio á formación na etapa posdoutoral.

EM2. Bolsas formativas para gañar coñecementos en áreas relacionadas coa profesionalización, o desenvolvemento estratéxico da empresa e a internacionalización

O programa Profesionais 4.0 trata de incentivar a contratación de mozos e mozas que permitan ás PEMES galegas a incorporación, titorizada e con garantías de formación, de novos titulados universitarios e de FP para realizar traballos que melloren as capacidades do tecido empresarial.

Así mesmo, tamén se ofrecerán bolsas de internacionalización, tanto en Galicia como no estranxeiro, para adquirir competencias profesionais neste ámbito.

EM3. Posta en marcha de programas e accións que promovan o coñecemento das oportunidades e a aprendizaxe pola práctica en contornas rurais

Co obxectivo de poñer en valor as oportunidades que ofrece o rural para a xente moza, impulsaranse programas que favorezan a formación práctica dos mozos e mozas en espazos de traballo real de contornas rurais, facilitando así a súa transición entre o mundo académico e o laboral.

Desta forma, a mocidade galega, ademais de mellorar a súa formación e habilidades na práctica, tamén coñecerá as oportunidades de emprego e de emprendemento que ofrece o rural galego: no sector agro-gandeiro, forestal, vitivinícola e, tamén, no terceiro sector.

EM4. Apoio á formación práctica dos mozos e mozas en distintos ámbitos co obxectivo de promover a súa empregabilidade futura

Mantemento da oferta de formación práctica que ofrecen diversos departamentos da Administración autonómica (comercio e consumo, marítimo-pesqueira, etc.) co fin de favorecer a transición entre a etapa formativa e o mercado laboral, mellorando as capacidades da mocidade de cara ao emprego.

EM5. Promover accións formativas para persoas desempregadas co fin de mellorar a súa capacitación

Desenvolvemento de actuacións de carácter formativo, organizadas por entidades acreditadas ou a través de axudas directas aos participantes, para mellorar as posibilidades de empregabilidade de persoas desempregadas.

EM6. Facilitar a contratación de persoas mozas para actividades de I+D+i

Programa Principia, dirixido ás empresas e organismos de investigación en Galicia co fin de fomentar a contratación, durante o período mínimo dun ano, de persoal técnico para a realización de actividades de investigación, desenvolvemento e innovación.

EM7. Impulso ao emprendemento xuvenil a través de axudas na primeira etapa do proxecto

Co obxectivo de facilitar o emprendemento xuvenil, a Xunta continuará facilitando préstamos a tipo de interese reducido destinados a emprendedores para financiar así os investimentos iniciais de cara á posta en marcha do seu negocio. Así mesmo, esta medida tamén inclúe a liña de subvencións para a creación e/ou investimentos de PEMES de nova creación por parte de novas persoas emprendedoras, as axudas para o fomento do emprego autónomo e iniciativas de base tecnolóxica.

EM8. Impulso ao emprendemento xuvenil vinculado a actividades non agrícolas en zonas rurais

Consolidación do programa Galicia Rural Emprende, unha liña de axudas para crear empresas en contornas rurais orientadas a actividades alleas ao sector agrícola.

EM9. Posta en marcha dunha convocatoria de axudas para sacar o carné de conducir de tipo B e C

Búscase favorecer a empregabilidade das persoas mozas facilitando a obtención do permiso de condución, un dos principais requisitos para moitos postos de traballo. As axudas serán outorgadas en réxime de concesión directa a todas aquelas persoas que reúnan os requisitos esixidos na orde de convocatoria, ata esgotar o crédito dispoñible. Van dirixidas ás mozas e mozos galegos inscritos no Ficheiro Nacional de Garantía Xuvenil e que figuren como beneficiarios no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.



EM10. Consolidación do sistema de axudas para contratar persoas mozas

Esta medida inclúe axudas ás empresas para a contratación por conta allea de persoas mozas (5.000 euros por persoa contratada); así como subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a contratación de mozos inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

EM11. Aposta polos obradoiros de emprego como fórmula para inserir no mercado de traballo á mocidade

Subvención aos concellos e entidades sen ánimo de lucro para a realización de obradoiros de emprego, actuacións que combinan formación profesional para o emprego e a realización dun traballo real e produtivo en actividades de utilidade pública ou interese xeral, e que melloran a empregabilidade da xuventude e a súa posterior inserción laboral.

EM12. Facilitar a inserción social e laboral de menores infractores ou en risco de exclusión social

Por unha banda, esta medida inclúe o programa dirixido á organización do traballo remunerado dos menores internados en centros de reeducación e a súa formación laboral, a través de medidas de inserción sociolaboral que faciliten o seu desenvolvemento

integral. E, por outro lado, o denominado Programa MENTOR continuará fomentando a inserción sociolaboral de mozos e mozas en risco social: aqueles que estean ou estivesen baixo tutela ou garda da Administración, suxeitos a medidas xudiciais ou sexan usuarios doutros programas destinados á protección de menores de idade.

EM13. Xerar emprego entre a mocidade no eido dos oficios artesanás

Fomentaranse as actividades artesanais como sector con capacidade de xeración de emprego para a mocidade, ao tempo que se asegura a supervivencia destes oficios a través de acordos de formación de aprendices.



03. Creatividade e espírito emprendedor

Obxectivo estratéxico

A Xunta de Galicia apoiará o desenvolvemento das manifestacións creativas da mocidade galega e axudará a visibilizar o talento mozo da Comunidade, un recoñecemento que axudará tamén a fomentar o espírito emprendedor entre a xuventude, xerando así un efecto multiplicador.

Departamentos implicados

- DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO
- AGADIC
- FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA
- IGAPE
- DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO
- AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN
- DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL
- DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS

Medidas

CREA1. Apoio e visibilización das inxeranzas artísticas da mocidade co fin de incentivar unha futura carreira profesional

Consolidación de certames como Xuventude Crea, a través do que se premia a creación das mozas e mozos galegos en varias categorías, tales como artes plásticas, banda

deseñada, cociña, xoias, fotografía, graffiti, moda, música, relato breve, poesía, teatro, videocreación e danza.

CREA2. Creación dos Premios ao talento mozo para distinguir e visibilizar proxectos e carreiras de éxito . Programa Talento Mozo.



Posta en marcha dunha orde de subvencións para galardoar e recoñecer aqueles proxectos e negocios xa en marcha, así como traxectorias vitais sobresaíntes, dos mozos e mozas galegas en diversos ámbitos. Trátase, a través de varias categorías, de poñer en valor o seu talento e capacidades co fin de que a sociedade os coñeza e se poida xerar tamén un efecto multiplicador destas ideas de éxito.

CREA3. Organización de obradoiros e/ou charlas con mozas e mozos galegos influíntes e talentosos que sirvan de guía e orientación para outros/as. Programa Talento Mozo



Desenvolvemento de dinámicas motivacionais con e para a mocidade, favorecendo así unha relación horizontal entre os relatores e o público. O obxectivo é que persoas mozas galegas talentosas no seu ámbito, ben coñecidas polo gran público ou menos coñecidas, poidan contar a súa experiencia e xerar un efecto multiplicador entre a xuventude como referentes próximos e de éxito.

CREA4. Promover encontros ou espectáculos das diferentes disciplinas artísticas e sectores emerxentes que teñan como público obxectivo a mocidade

Aposta por programas como 'Cinema en curso' (que busca achegar a mocidade ao cine e á fotografía) ou 'Teatro fóra de escena'. Desde o ámbito musical promoverase a consolidación do WOS Festival como un evento multidisciplinar así como Atardecer no Gaiás, un programa que sitúa a Cidade da Cultura como epicentro musical durante os veráns do verán. Tamén se fomentarán encontros vinculados a sectores tecnolóxicos e emerxentes.

CREA5. Apoiar a tradición bandística xuvenil galega co fin de garantir o relevo xeracional

Nesta medida inclúese a celebración do Festival de Bandas Infantís e Xuvenís, así como outro tipo de apoios que facilitan a formación de persoas mozas nestas entidades co obxectivo último de preservar esta cultura musical de base.

CREA6. Favorecer a celebración de accións que permitan o intercambio de experiencias entre novos creadores

Celebración anual do Encontro de Artistas Novos na Cidade da Cultura, no que os creadores dan a coñecer os seus traballos ao mesmo tempo que se fomenta a convivencia e o intercambio de experiencias e ideas con outros axentes culturais.

Dentro desta medida tamén se engloba a Maker Faire e a iniciativa Atlantic Emprnde +Gaiás, un espazo de encontro entre profesionais e estudantes da industria musical.

CREA7. Consolidación dos Espazos emprende dentro dos Espazos Xoves para favorecer o desenvolvemento de ideas e proxectos empresariais

Ao abeiro do programa Lidera (aprobado ao amparo do programa Interreg V a España Portugal) créanse espazos dedicados ao emprendemento dentro dos Espazos Xoves dependentes da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Nestas zonas búscase promover o espírito emprendedor e a inserción laboral dos mozos e mozas, dando a oportunidade de establecer pequenos espazos de coworking para a xuventude da contorna dos Espazos Xoves.

CREA8. Desenvolvemento da cultura emprendedora desde o sistema educativo co fin de espertar este espírito desde idades temperás

Impulso ao Plan Eduemprende así como aos viveiros de empresa nos centros educativos, a través dos cales se fomenta a cultura empresarial e se asesoran ideas de negocio. Os viveiros constitúen unha auténtica ponte formativa para a posterior constitución de empresas por parte da xuventude.

CREA9. Fomento de iniciativas que esperten as vocacións científicas e faciliten a consolidación desta cultura entre a mocidade

A través das Aulas Tecnópole fomentárase o espírito emprendedor das mozas e dos mozos no ámbito da ciencia e da innovación. Así mesmo, a celebración da feira Galiciencia xera un punto de encontro entre os investigadores máis novos de toda Galicia co fin de incentivar o talento e achegar a ciencia á sociedade de forma lúdica.

CREA10. Favorecer o emprendemento no rural mediante o apoio á incorporación de persoas mozas á actividade agraria

O obxectivo pasa por promover a dinamización económica do mundo rural e garantir, así mesmo, un relevo xeracional no agro galego. Esta medida inclúe cursos de formación para a posta en marcha de explotacións agrarias, así como axudas para a creación de empresas por agricultores mozos con idades comprendidas entre os 18 e os 40 anos.

Así mesmo, continuarase a premiar iniciativas de desenvolvemento rural que contribúan a conservar e dinamizar o entorno rural facendo del un medio máis atractivo.

CREA11. Impulsar beneficios fiscais para os mozos e mozas que queiran emprender

A xuventude poderase beneficiar de medidas fiscais que lle facilitarán a creación ou constitución da súa empresa ou negocio profesional, como a redución dun 95 % da base imponible no imposto de sucesións e no imposto de doazóns cando as cantidades estean destinadas para eses fins.

CREA12. Ampliar as opcións de ocio e formativas ao redor do sector dos videoxogos

Ao redor dos 12 Espazos Xove da Xunta de Galicia promoveranse competicións de videoxogos que teñan carácter gratuíto, co obxectivo de dar resposta ás novas demandas de tempo libre da mocidade, achegando este tipo de oferta non só ás principais urbes, senón tamén a concellos de menor poboación e/ou rurais. Así mesmo, tamén se favorecerá un uso responsable dos mesmos.



4. Vivenda

Obxectivo estratéxico

Favorecer o acceso da xuventude á vivenda na modalidade de alugueiro ou adquisición e mellorar os índices de emancipación xuvenil.

Departamentos implicados

- DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO
- INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO
- AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA

Medidas

VIV1. Programa de axudas aos mozos e mozas para a adquisición ou alugamento dunha vivenda en concellos de menos de 5.000 habitantes

Esta medida inclúe axudas para facilitar o acceso a unha vivenda a persoas mozas menores de 35 anos en réxime de compravenda ou ben en réxime de alugamento en concellos de menos de 5.000 habitantes. Con esta acción non só se busca favorecer o acceso da mocidade a unha vivenda, senón que se pretende asentar poboación no rural que asegure un relevo xeracional nestas zonas.

VIV2. Facilitar a adxudicación de vivendas de promoción pública entre a mocidade

Esta medida desenvólvese co fin de axudar a cubrir as necesidades de vivenda dun sector da poboación con escasos recursos económicos e que en moitos casos se incorpora ao mercado laboral, adxudicando vivenda pública tanto en réxime de alugueiro como en compravenda a menores de 35 anos.

VIV3. Facilitar o acceso a unha vivenda para persoas mozas con escasos recursos económicos

Reforzo do programa Bono de alugueiro social, a través do que se outorgan subvencións para alugueiro dunha vivenda a unidades de convivencia con escasos medios económicos, entre as que se atopan nalgún caso as persoas mozas.

VIV4. Axudas para a conservación, accesibilidade e eficiencia enerxética das vivendas

Esta medida permite facilitar o acceso á vivenda da mocidade na medida en que se financian obras de mellora da eficiencia enerxética e de conservación e accesibilidade, das que se beneficia tamén a xuventude.

VIV5. Ofrecer deducións fiscais que lle faciliten á xuventude o acceso a unha vivenda en propiedade ou alugueiro

A xuventude benefíciase de medidas fiscais como a aplicación de tipos impositivos reducidos (ITPeAXD) ou deducións na cota (IRPF) que lle facilitan o acceso a unha vivenda, xa sexa en réxime de propiedade ou en alugueiro. No caso de adquisición de vivenda habitual pola xuventude en áreas rurais ou zonas pouco poboadas, ao tipo impositivo reducido súmaselle incluso unha dedución do 100 % na cota de transmisións patrimoniais onerosas.

VIV6. Desenvolver a Oficina de Emancipación Xuvenil como un recurso de información e asesoramento útil

Posta en marcha dunha oficina de emancipación xuvenil virtual que ofrezca información das opcións que ten a xuventude en materia de vivenda e de emprego. Tamén se organizarán obradoiros e charlas que fomenten a adquisición de habilidades e destrezas para axudar ao mozo ou moza no seu proceso de emancipación.



VIV7. Axudas para a adquisición de vivendas nos centros históricos

Foméntase a adquisición de vivendas en propiedade por parte da poboación moza a través de axudas a fondo perdido, para destinalas á súa residencia habitual nos cascos históricos das grandes cidades e nas zonas monumentais dos demais concellos galegos.



5. Saúde e deporte

Obxectivo estratéxico

Promover e apoiar estilos e hábitos de vida saudables entre as persoas novas que non só melloren a súa saúde, senón que tamén axuden a previr adiccións (con e sen substancia) e estilos de vida prexudiciais.

Departamentos implicados

- DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO
- DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA
- DIRECCIÓN XERAL PARA O DEPORTE

Medidas

SD1. Consolidar os centros Quérote+ como un servizo de información e asesoramento especializado en diversas temáticas que afectan á xuventude

Os centros Quérote+ ofrecen un servizo de información e asesoramento presencial, telefónico, en liña, por mensaxería instantánea e por videochamada para que as mozas e mozos interesados poidan formular todas as consultas, dificultades ou curiosidades nos diferentes ámbitos que aborda o servizo: sexualidade, convivencia, consumos, uso das TIC, imaxe corporal e autoestima.

Aínda que o servizo está orientado ao público mozo en xeral, os centros Quérote+ continuarán traballando de xeito especial con colectivos concretos, como pode ser o caso de obradoiros vinculados á sexualidade con mulleres mozas xitanas.

SD2. Ofrecer un servizo de formación específico sobre as diferentes problemáticas que afectan á xuventude e aos axentes que traballan cos mozos e mozas

Reforzaranse os obradoiros e accións formativas dirixidas a profesionais que traballan directa ou indirectamente coa mocidade, así como a Espazos Xoves, concellos ou asociacións, sobre as diferentes temáticas abordadas desde o servizo Queróte+.

SD3. Accións de prevención de adiccións desde os centros educativos

Desenvolvemento de diversas accións dentro do Plan Proxecta para previr, entre outras cuestións, o consumo de alcohol nos menores de idade ou o tabaquismo.

SD4. Creación dunha cultura de vida saudable desde idades temperás

Fomento, desde os centros educativos, de accións que promovan hábitos saudables desde o punto de vista da alimentación (co obxectivo de previr a obesidade infantil e xuvenil, así como os trastornos alimenticios) como desde o deportivo, favorecendo unha condición física saudable entre a xuventude que loite contra o sedentarismo.

SD5. Campañas de sensibilización sobre o consumo de substancias psicoactivas

Programa de prevención do consumo de substancias psicoactivas en espazos públicos de ocio nocturno e de botellón.

SD6. Campañas de prevención das infeccións de transmisión sexual

Difusión de información preventiva sobre o VIH e as demais infeccións de transmisión sexual, así como promoción do uso do preservativo, con accións específicas para a mocidade LGTBI.

SD7. Extensión dos programas de prevención de substancias adictivas entre a xuventude a entidades locais e sen ánimo de lucro

Promoción da posta en marcha de programas de prevención de condutas adictivas por parte de entidades locais e sen ánimo de lucro, potenciando a realización de actividades que permitan reducir o impacto do consumo de substancias psicoactivas, promover estilos de vida saudables, e potenciar a función das familias e dos educadores como axentes de saúde.

SD8. Apoio ás federacións e entidades deportivas

Desenvolvemento de varias actuacións de colaboración e fomento coas federacións e entidades deportivas galegas (patrocinios, convenios e subvencións), co fin de promover e incentivar o deporte e a práctica deportiva en Galicia, así como a actividade física e o deporte de base e de alta competición.

SD9. Seguro deportivo gratuíto para os mozos con idades comprendidas entre os 6 e os 16 anos

A Xunta de Galicia continuará garantindo a cobertura do seguro de accidente deportivo obrigatorio de xeito gratuíto para todas as persoas deportistas de 6 a 16 anos inscritas no programa XOGADE.

SD10. Establecer acordos con clubs, federacións, asociacións e instalacións deportivas para introducir ou ampliar os descontos vinculados co Carné Xove

Favorecer que as persoas mozas poidan pagar cotas máis reducidas, así como beneficiarse de descontos en diferentes instalacións (ximnasios públicos e privados, pistas deportivas, etc.) grazas a ser posuidores do Carné Xove.

6. Participación e asociacionismo

Obxectivo estratéxico

Ofrecer ás persoas novas espazos e recursos para fomentar a súa participación na vida pública e en áreas de interese para a xuventude, e facilitar a súa participación en actividades de lecer e tempo libre, así como noutras accións orientadas a público mozo. Así mesmo, prestarase especial atención aos mozos e mozas con discapacidade co fin de asegurar a súa participación e implicación nos programas e no proceso de toma de decisións.

Departamentos implicados

- DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO
- AMTEGA
- DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Medidas

PA1. Impulso dos Espazos Xoves como zonas que promovan a participación xuvenil plena

Ademais de seguir exercendo como un lugar de encontro entre os mozos e mozas, os Espazos Xoves deben consolidarse como verdadeiros espazos que favorezan o diálogo e a participación da xuventude a través de accións dirixidas ou organizadas polos propios usuarios, adaptándose tamén ás demandas e necesidades da mocidade actual.

PA2. Mantemento e mellora das instalacións xuvenís como lugares dinámicos, participativos e de referencia para os mozos e mozas galegas

A Xunta de Galicia seguirá poñendo a disposición da mocidade galega os diferentes albergues e campamentos xuvenís, así como as residencias xuvenís ao longo do curso co obxectivo de facilitar a vida académica do alumnado, en especial o que presente menos recursos económicos, reservando prazas para persoas bolseiras. Neste contexto, favorécese tamén a participación dos ditos bolseiros na residencia, posto que colaborarán transmitindo información de interese para a xuventude.

PA3. Organización de eventos periódicos entre responsables públicos, mocidade e axentes implicados para debater sobre o ámbito da educación no tempo libre

Promover espazos de encontro e reflexión colectiva abertos a calquera persoa relacionada ou interesada neste eido, do que xorden ideas e suxestións sobre o camiño presente e futuro que debe seguir a educación no tempo libre.

PA4. Posta en marcha do programa 'Foro Xove', a través do que se fomente o diálogo coa mocidade galega de xeito habitual e periódico

Inspirados na iniciativa europea 'Diálogo da xuventude', anteriormente denominada 'Diálogo estruturado', desde a Dirección xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado organizaranse encontros cos mozos e mozas galegos de xeito periódico, empezando polas contornas dos Espazos Xoves, nas diferentes instalacións xuvenís, así como noutras zonas de influencia para a mocidade.

O obxectivo último é favorecer o achegamento entre responsables públicos e persoas mozas, así como fomentar a participación destas últimas no proceso de toma de decisións que lles afecten.





PA5. Desenvolvemento durante o verán dun programa de ocio e educación non formal nos concellos co fin de ampliar as accións destinadas á xuventude

Favorecer que as mozas e mozos galegos poidan participar activamente en iniciativas que combinen o ocio coa educación non formal preto da súa residencia actual, achegando, deste xeito, estes recursos a unha boa parte dos concellos de Galicia.

PA6. Apoio ás asociacións xuvenís e aos grupos informais de mozos para que poidan desenvolver o seu proxecto

A través de programas como Iniciativa Xove promóvese que a mocidade poida poñer en marcha as súas ideas e proxectos en diferentes ámbitos como o emprendemento, os hábitos saudables, a creatividade, a inclusión, a comunicación, a participación das mulleres novas, o medio ambiente, o desenvolvemento do medio rural ou a dinamización da lingua galega. Así mesmo, seguirase impulsando Iniciativa Xove como fórmula, tamén, para fomentar o asociacionismo xuvenil.

PA7. Impulsar o asociacionismo xuvenil como vía para capacitar a mocidade e mellorar a súa participación na vida pública

O censo de entidades xuvenís conta a día de hoxe con 526 asociacións xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude inscritas. Nos vindeiros anos apostarase por seguir fomentando o asociacionismo entre a poboación xuvenil como instrumento para crear unha cidadanía activa e impulsar a cultura da participación entre os mozos e mozas. Ademais, desenvolveranse espazos de encontro entre as entidades xuvenís para intercambiar experiencias e visualizar os proxectos postos en marcha.

PA8. Ampliar a participación de mozos e mozas na Campaña de Verán e diversificar as súas actividades

Consolidación dos campamentos de verán como un recurso de educación non formal e ocio educativo. Así mesmo, os campamentos tamén se erixen como un recurso de conciliación da vida familiar durante a época estival.

Deste xeito, nos vindeiros anos buscarase incrementar o número de prazas da Campaña de verán e promoverase unha oferta máis diversificada en canto a actividades, vinculada a sectores de interese para a capacitación e formación da mocidade: TIC, igualdade, recuperación patrimonial, etc.

PA9. Favorecer a participación de persoas mozas con discapacidade en actividades de lecer e tempo libre

As persoas con discapacidade poden participar nos campamentos de verán da Xunta de Galicia a través de tres vías: mediante o procedemento xeral de admisión, a través das prazas reservadas para inclusión ou mediante os campamentos específicos. Así mesmo, tamén se continuará traballando para favorecer a plena accesibilidade e inclusión das persoas con discapacidade nas diferentes actividades e programas, tanto desde o punto de vista do ocio como da educación non formal.

PA10. Desenvolver accións en colaboración con entidades de iniciativa social

Ampliación das accións e iniciativas que se realizan en colaboración con entidades de iniciativa social prestadoras de servizos de xuventude, sobre todo aquelas especializadas na atención de persoas novas con maiores necesidades de apoio.

PA11. Extensión das actividades de lecer e de tempo libre máis alá do período estival

Co fin de evitar a estacionalidade durante os meses de verán, organizaranse outras accións, en colaboración con outros departamentos da Xunta de Galicia así como de entidades de acción social, que permitan a participación dos mozos e mozas en actividades de lecer e de tempo libre ao longo do ano.

PA12. Celebración dun gran evento anual que se consolide como un punto de encontro para a xuventude galega

Posta en marcha, con carácter anual, dun evento con programación atractiva, moderna e á vangarda das novas correntes e sectores emerxentes co fin de dar resposta ás novas necesidades e afeccións da mocidade galega. Trátase de xerar un punto de encontro que sexa referente para os mozos e mozas e no que, ademais, se poña en valor o espírito emprendedor, a creatividade e o talento da xuventude.



7. Voluntariado

Obxectivo estratéxico

Promover entre a xuventude a participación en proxectos de acción voluntaria de todos os ámbitos, así como o desenvolvemento de iniciativas propias, que axuden a consolidar unha consciencia solidaria. Aínda que se traballará en todos os eidos, impulsaranse os programas vinculados co voluntariado social, a través dos que se promove un beneficio xeral para toda unha comunidade.

Así mesmo, poñerase o foco no Xacobeo 2021 desenvolvendo iniciativas e programas específicos que fomenten o voluntariado entre os mozos e mozas ligado a este fenómeno e ao Camiño de Santiago.

Departamentos implicados

- DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO
- DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS
- AXENCIA TURISMO DE GALICIA
- DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL

Medidas

VOL1. Posta en marcha dun plan anual de formación en voluntariado que favoreza a capacitación das persoas mozas neste ámbito

Organización de cursos presenciais e en liña orientados á mocidade, así como a persoal técnico das entidades de acción voluntaria. A oferta contemplará tanto cursos de iniciación ao voluntariado como accións formativas máis específicas vinculadas cos programas desenvolvidos pola Dirección Xeral, así como outras temáticas de interese.

VOL2. Traballar a consciencia solidaria desde os centros educativos

Impulso ao voluntariado educativo a través dos diferentes programas xa existentes para traballar a solidariedade nas aulas, tales como Voluntariado Miúdo, Rede de centros escolares solidarios, Bibliotecas escolares solidarias ou Pasaporte Solidario.

VOL3. Promoción do voluntariado xuvenil a través de axudas a entidades e concellos

Mantemento da convocatoria de subvencións para financiar proxectos que fomenten a participación de voluntarios mozos nunhas determinadas áreas de actuación: actividades relacionadas co Camiño de Santiago, coa recuperación da cultura/arte/tradicións populares galegas, con colectivos en situación de risco, actividades ambientais, relacionadas coa igualdade de xénero, etc. Así mesmo, tamén se seguirán apoiando ás entidades para o desenvolvemento de proxectos xerais de sensibilización, coordinación e formación no ámbito do voluntariado.

VOL4. Impulso da participación dos mozos e mozas en programas de voluntariado de ámbito social que promovan os lazos interxeracionais

A través de diferentes iniciativas vinculadas ao intercambio interxeracional, ao acompañamento de persoas maiores autónomas que viven soas ou á prestación de asesoramento e acompañamento nos centros de saúde. Con este tipo de programas búscase promover unha cultura solidaria e de fomento do respecto e a aprendizaxe mutua entre a xente moza e as persoas maiores.

VOL5. Posta en marcha dun programa de voluntariado en festivais de música

Colaboración coa Asociación Festivais de Galicia, entidade sen ánimo de lucro, para organizar accións de voluntariado xuvenil nestes eventos. As persoas voluntarias realizarán tarefas de información sobre servizos ou sensibilización ambiental, entre outras cuestións, garantindo sempre que as actuacións se axustan ao labor voluntario.

VOL6. Desenvolvemento de actuacións de voluntariado ambiental en espazos naturais protexidos

A través do proxecto europeo Life Evergeen with Volunteer (Lewo), aprobado no marco do programa LIFE 2016 da Comisión Europea, facilítase a creación dun grupo estable de mozas e mozos galegos implicados en accións de voluntariado ambiental en diferentes zonas da comunidade de gran valor natural.

VOL7. Promover a inclusión nas actividades de voluntariado

Fomentar que os diferentes programas sobre voluntariado, sobre todo aqueles de carácter ambiental, sexan accesibles e promovan a integración de persoas con discapacidade, así como impulsar outras accións específicas con entidades especializadas na atención destas persoas.

VOL.8 Ampliar a oferta de campos de voluntariado

Consolidar a Galicia como comunidade autónoma de referencia na organización de campos de voluntariado durante o verán e ampliar a oferta de prazas para os galegos en campos de voluntariado fóra da época estival.

A través dos campos de voluntariado a xuventude vive unha enriquecedora experiencia de compromiso e contribución social desenvolvendo actuacións en distintos ámbitos (social, ambiental, cultural, patrimonial, etc.) á vez que coñece outras culturas e participa nun programa de actividades de educación non formal xunto con mozos e mozas doutras comunidades e doutros países.



VOL9. Impulsar campos de voluntariado internacionais vinculados co Camiño de Santiago

De cara ao Xacobeo 2021 organizarase unha programación de campos de voluntariado

vinculada co Camiño de Santiago nas súas diferentes variantes. Deste xeito promoverase un labor de voluntariado entre mozos e mozas galegas, doutras comunidades autónomas e de países estranxeiros, relacionada coa interculturalidade do Camiño; de divulgación do seu patrimonio cultural, etnográfico e natural; de dinamización cultural e turística e mesmo de conservación e sensibilización ambiental. Estes campos tamén ofrecerán un recurso lingüístico de primeira orde que pode servir de apoio aos puntos de información turística municipal, sobre todo en vilas rurais.

VOL10. Posta en marcha dun gran proxecto de voluntariado xuvenil con motivo do Xacobeo 2021



Presentación e execución dun proxecto de voluntariado europeo vinculado co Camiño de Santiago, enmarcado no programa europeo Erasmus+: Xuventude en Acción e o Corpo Europeo de Solidariedade. Este proxecto proporcionaralles a mozos e mozas europeas e de países asociados, con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos, o coñecemento e a relación con outras culturas a través do apoio que prestarán aos peregrinos que realicen o Camiño en 2021. O obxectivo desta iniciativa é proporcionarlle á xuventude a oportunidade de participar nunha experiencia única de servizo voluntario e de interculturalidade a través do Camiño, mediante a súa integración nas actividades que este ben patrimonial lles ofrece aos peregrinos e á cidadanía en xeral.

VOL11. Impulso do voluntariado lingüístico

Programa de voluntariado para promover a difusión e dinamización da lingua galega entre mozas e mozos estranxeiros, co obxectivo de que poidan ter un primeiro achegamento ao galego.

8. Información e formación

Obxectivo estratéxico

Desde a Xunta de Galicia promoverase unha política de comunicación eficaz para que a información de interese para a mocidade galega chegue ao seu público obxectivo, co fin de que poida beneficiarse de todos os recursos que pon á súa disposición o Goberno galego. Así mesmo, potenciaranse as iniciativas de educación non formal, a través das cales os mozos e mozas adquiren novas destrezas e habilidades que serven, sen dúbida, para mellorar a súa inserción laboral.

Tamén se traballará cos axentes de xuventude involucrados na información e formación xuvenil, adaptando a súa capacitación ás necesidades actuais e futuras que presenta este campo.

Departamentos implicados

- DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO
- AMTEGA
- INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

Medidas

INFO1. Promover a capacitación tecnolóxica da xuventude co fin de fomentar as profesións vinculadas ás TIC, sobre todo entre as mozas

Posta en marcha de estudos de investigación, así como charlas ou actividades lúdico formativas vinculadas ás TIC para aumentar o interese da mocidade polas profesións tecnolóxicas. Ademais, farase especial fincapé no colectivo feminino, con accións concretas para fomentar as vocacións científico tecnolóxicas entre as mozas.

INFO2. Ampliación do programa Correspondentes xuvenís co fin de achegar a información de interese á xuventude

A través desta iniciativa, mozos e mozas dos institutos de Galicia exercen de transmisores de información dos diferentes programas da Dirección Xeral de Xuventude, así como doutra información de interese, entre os seus compañeiros. Nos vindeiros anos revisarase a rede de correspondentes xuvenís co obxectivo de ter unha maior presenza polo territorio. Ademais, buscarase ampliar a rede de correspondentes universitarios para alcanzar un maior número de voluntarios nos sete campus das tres universidades de Galicia.

INFO3. Organización de charlas informativas sobre seguridade laboral e consumo responsable

Organización de charlas informativas sobre seguridade e saúde laboral en centros educativos, así como posta en marcha de cursos básicos de prevención de riscos laborais en actividades de tempo libre. Así mesmo, tamén se manterán os obradoiros para concienciar a poboación moza sobre a necesidade dun consumo responsable.

INFO4. Presenza de dinamizadores xuvenís polo territorio como recurso de proximidade na transmisión de información

Un dos obxectivos principais deste eixo, así como do Plan en xeral, é mellorar os canais de comunicación coa mocidade galega. Neste sentido, os dinamizadores xuvenís xogan un papel fundamental, posto que difunden as diferentes iniciativas que a Xunta de Galicia pon a disposición das mozas e mozos galegos por todo o territorio, facendo especial fincapé nos programas da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

INFO5. Posta en marcha dun servizo de WhatsApp que permita unha comunicación continua coa mocidade

Posta a disposición da xuventude dun número de WhatsApp a través do cal se facilitará información xuvenil de interese e se solucionarán as dúbidas que poidan xurdir dos diferentes programas ou iniciativas que a Xunta ofrece para este colectivo.



INFO6. Mellora dos canais de comunicación tecnolóxicos coa xuventude cunha páxina web renovada e creación do 'Portal de emprego xove'

A web da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, posta en marcha no ano 2010, apenas sufriu cambios en profundidade desde entón. Tendo en conta os cambios tecnolóxicos producidos ao longo destes anos, é necesario adaptala aos tempos actuais, con información modernizada, accesible, innovadora e que responda ás demandas da xuventude.



Así mesmo, dentro da nova web deseñárase un 'Portal de emprego xove', un espazo pensado para ofrecer información sobre as ofertas de traballo orientadas á xuventude.

INFO7. Fomentar o coñecemento dos programas dirixidos aos mozos e mozas cunha actividade específica nos festivais de música

Aproveitar os espazos onde se concentra unha gran cantidade de persoas novas, como poden ser os festivais de música, para dar a coñecer todos os programas que a Xunta de Galicia pon a disposición da mocidade. Neste sentido, organizaranse dinámicas nas que se fomenta a participación, a formación e a diversión.

INFO8. Ampliación do concurso Parlamento Xove á etapa universitaria

Dentro da educación non formal, o programa Parlamento Xove axuda a mellorar a oratoria, expresión, comunicación e traballo en grupo dos mozos e mozas. Ademais de seguir

fomentando a participación do alumnado de 3º e 4º de ESO, así como de 1º e 2º de bacharelato, Parlamento Xove ábrese á universidade co fin de seguir ampliando estas habilidades entre a mocidade, tendo en conta que se trata de destrezas que axudarán a mellorar a súa empregabilidade futura.

INFO9. Posta en marcha dun Plan anual de formación en ámbitos de interese para a mocidade galega e para os axentes que traballan coa xuventude



Impulso dun Plan de formación anual para os mozos e mozas, técnicos que traballan coa xuventude, así como para membros de asociacións e entidades xuvenís en distintos ámbitos: educación non formal, voluntariado, participación xuvenil, emancipación, liderado, mobilidade xuvenil, idiomas, tecnoloxía, cultura urbana, etc.

O plan pretende ser un recurso complementario á educación formal que se dá nos centros educativos, a través do cal a mocidade poderá ampliar coñecementos naquelas áreas de especial relevancia para o colectivo.

INFO10. Fomentar o recoñecemento dentro do currículo, por parte das empresas, do certificado de experiencias en educación non formal

Tentaranse establecer canles para que as empresas e entidades recoñezan e outorguen valor engadido ao currículo do mozo e moza que xunte un certificado de experiencias en educación non formal. Este certificado expídeo a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ao participar en varias actividades que promoven o traballo en equipo, a creatividade ou a iniciativa, entre outras cuestións.

INFO11. Impulso do programa Carné Xove con ampliación de vantaxes, incremento de usuarios e adaptado aos novos tempos tecnolóxicos



Co fin de converter o Carné Xove no instrumento de referencia para a xuventude galega á hora de acceder a servizos (culturais, de transporte, de ocio, etc.), ampliaranse as opcións

nas que obter un desconto, promovendo acordos con asociacións, federacións ou entidades de diversos ámbitos.

Así mesmo, tamén se realizarán sorteos adheridos ao programa e facilitarase o método de uso do Carné Xove. Neste sentido, traballarase na creación dun carné virtual, mellorarase a aplicación móbil actual e incrementarase o período de vixencia do dito documento, que pasará dos dous anos actuais ao máximo da idade permitida (isto é, non será necesario renovar o carné cada dous anos, senón que unha vez se expida terá vixencia ata que a moza ou mozo cumpra 31 anos).

Actualmente, o número de usuarios do Carné Xove é de 43.000. O obxectivo é superar os 60.000 no 2021, o que suporía un 40 % máis.

INFO12. Fomentar a coordinación e o traballo en rede dos diferentes axentes que compoñen a Rede galega de información xuvenil

Garantir que a Rede galega de información xuvenil funcione como un ente unido e coordinado entre os diferentes actores que a compoñen, favorecendo espazos de encontro habituais (tanto centrais como territorializados) nos que se intercambien experiencias e se fomente a aprendizaxe mutua. Así mesmo, poñeranse en marcha iniciativas compartidas por todos os espazos xoves co fin de consolidar a idea de Rede e promoverase un sistema de comunicación interno eficaz empregando as novas tecnoloxías.

INFO13. Elaboración dun mapa de infraestruturas e recursos de xuventude

Conseguir que os mozos e mozas galegas coñezan as diferentes instalacións xuvenís que teñen á súa disposición a través da elaboración dun mapa no que se poida acceder aos principais datos de cada un destes espazos. Ademais de favorecer o coñecemento destes recursos entre a mocidade, tamén se conseguirá poñer en valor todas as infraestruturas das diferentes administracións destinadas a este colectivo, co obxectivo de ampliar e diversificar o seu uso.

INFO14. Adaptación dos cursos de monitor e director de actividades de tempo libre á cualificación profesional correspondente

Adaptarase mediante Decreto o contido dos cursos de monitor/a e de director/a de actividades de tempo libre infantil e xuvenil ao contido da cualificación profesional correspondente (dinamización ou dirección e coordinación). Así mesmo, ampliaranse o recoñecemento de profesionais de actividades de educación no tempo libre ao incorporar a realidade dos certificados de profesionalidade, así como doutras titulacións do sistema educativo. Isto é, non só se considerarán profesionais neste ámbito os monitores e directores de tempo libre, senón tamén os que posúan as formacións anteriormente descritas.



9. Mobilidade e turismo

Obxectivo estratéxico

A Xunta de Galicia facilitará a mobilidade das persoas novas dentro de Galicia e tamén no estranxeiro, a través de programas que favorezan a adquisición de novas competencias que sirvan para mellorar a súa empregabilidade. Tamén se fomentará que a mocidade da Galicia do exterior poida coñecer de preto a realidade galega.

Así mesmo, promoveranse as oportunidades que ofrece o sector do turismo para a mocidade desde un punto de vista de innovación e emprendemento, co obxectivo último de consolidar a Galicia como un destino turístico atractivo, sustentable e con vocación internacional de cara ao Xacobeo 2021.

Departamentos implicados

- DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO
- DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE
- SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN

Medidas

MOB1. Reforzo dos programas que favorecen a mobilidade internacional de persoas novas e melloran o seu acceso ao mercado de traballo

Mediante o programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa, os mozos e mozas inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil poden realizar prácticas formativas non laborais en entidades ou empresas de países europeos. Así mesmo, tamén se seguirán apoiando as iniciativas Erasmus+, ou o programa 'A Xuventude no mundo', que promoven o intercambio intercultural e enriquecen o currículo persoal e profesional do mozo ou moza.

MOB2. Estreitar os lazos de comunicación e colaboración entre a mocidade galega e a do norte de Portugal

Desenvolvemento de proxectos como 'A Eurocidade Chaves-Verín como ferramenta de aproximación de Europa 2020 aos cidadáns (Eurocidade 2020)' ou a iniciativa 'Catalizador de oportunidades de emprego e emprendemento xove transfronteirizo (acrónimo LIDERA)', que favorecen espazos de encontro entre as persoas mozas de Galicia e as do norte de Portugal e buscan promover sinerxías no eido do emprego.

MOB3. Ampliación do uso da tarxeta 'Xente Nova' a todos os autobuses interurbanos ata os 21 anos



Actualmente, a tarxeta 'Xente Nova' permite que os menores de 19 anos poidan viaxar gratis no autobús interurbano das cidades da Coruña, Lugo, Vigo, Santiago de Compostela e Ferrol, incluídas dentro do Plan de Transporte Metropolitano. O obxectivo é conseguir que no ano 2020 se poida ampliar o uso desta tarxeta a todos os autobuses interurbanos, así como estender o seu uso ata os 21 anos.

MOB4. Extensión dos descontos vinculados ao Carné Xove a novas rutas de autobús en Galicia

Ampliación das liñas actualmente adheridas aos descontos do Carné Xove, co fin de favorecer a mobilidade dos mozos e mozas por todo o territorio da comunidade. Farase especial fincapé naquelas máis empregadas polos estudantes de xeito habitual.

MOB5. Promoción dos diferentes carnés que facilitan a mobilidade da xuventude no estranxeiro

Ampliar o coñecemento entre a mocidade galega das oportunidades que ofrece o Carné de alberguista para acceder a albergues de toda España e de todo o mundo, o Carné de estudante internacional (ISIC) e o Carné Xove internacional (IYTC).

MOB6. Achegar a realidade galega á mocidade da Galicia exterior mediante programas e accións que favorezan o contacto e o intercambio cultural

Favorecer a participación de persoas mozas da Galicia exterior en actividades de tempo libre e de voluntariado na Galicia territorial, compartindo coas persoas participantes galegas a cultura, a natureza ou o patrimonio da nosa comunidade.

MOB7. Impulso de accións formativas que promovan o coñecemento das oportunidades que ofrece o turismo para a inserción laboral

Posta en marcha de iniciativas de formación desde o eido da educación non formal vinculadas ao sector turístico desde diferentes ámbitos: social, medioambiental, cultural, patrimonial, emprendemento, innovación, etc., co obxectivo de consolidar a Galicia como un destino turístico atractivo, diverso e sustentable. Esta formación favorecerá que os mozos e mozas galegos poidan descubrir as opcións de emprendemento e inserción laboral que ofrece este sector, tendo en conta tamén a oportunidade estratéxica que representa o Xacobeo 2021.

MOB8. Apoio a proxectos destinados á mocidade dentro de 'O teu Xacobeo'

O programa 'O teu Xacobeo' busca propiciar a participación pública, a transparencia e a igualdade de oportunidades, co fin de que calquera persoa física ou xurídica, entidade local ou organización sen ánimo de lucro poida desenvolver novas iniciativas no marco do Xacobeo 2021, desde unha perspectiva multidisciplinar, plural, diversa e promovendo o desenvolvemento sostible do territorio.

10. Dinamización lingüística

Obxectivo estratéxico

Desenvolveranse programas, certames e actividades para impulsar o uso do galego entre a mocidade, con especial atención a sectores emerxentes ou novos eidos creativos. Así mesmo, tamén se programarán accións formativas que axuden a mellorar e reforzar as competencias da xuventude no idioma propio de Galicia.

Departamentos implicados

- DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO
- SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

Medidas

LINGUA1. Desenvolvemento de programas de dinamización lingüística da lingua galega durante o tempo de lecer

Esta medida inclúe accións como o programa FalaRedes, Nadal en Rede, Redecinema (unha iniciativa de cinema de verán en lingua galega) ou O Galego Campa, unha actividade de dinamización lingüística presente nos campamentos de verán da Xunta co fin de promover o coñecemento e uso do galego entre a mocidade e os profesionais dedicados ao tempo libre.

LINGUA2. Programas específicos nos centros educativos para consolidar o hábito de uso do galego

Posta en marcha de iniciativas como '21 días co galego e máis', unha experiencia didáctica que busca introducir o alumnado na procura de que o galego sexa a lingua normal de uso en todos os ámbitos durante 21 días.

LINGUA3. Ampliación do coñecemento e estudo da lingua galega fóra da comunidade

Co fin de seguir promovendo a aprendizaxe e uso do galego noutros territorios de España e do estranxeiro, a Xunta seguirá estreitando lazos no Bierzo, Sanabria e tamén en Londres, a través da oferta da materia de lingua galega no instituto español Vicente Cañada Blanch.

Así mesmo, tamén se continuará apostando pola presenza de lectores de lingua, literatura e cultura galegas en diversas universidades españolas e do estranxeiro, contribuíndo así á proxección exterior do galego e da cultura de Galicia no seu conxunto.

LINGUA4. Ofrecer accións formativas en Galicia sobre a lingua propia destinadas á mocidade estranxeira

En colaboración coa Real Academia Galega e as universidades de Santiago e da Coruña, continuaranse ofertando cursos de verán de lingua e cultura galegas para mozos e mozas doutros países estranxeiros.

LINGUA5. Apoio á investigación que se realiza no Centro Ramón Piñeiro no eido da lingüística e da literatura

Posta a disposición dos titulados universitarios de bolsas de formación en proxectos de investigación, vinculados coa lingua e a literatura galegas, que desenvolve o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

LINGUA6. Convocatoria de concursos, premios e certames en diferentes ámbitos para a promoción do galego entre a mocidade

Aposta por iniciativas como Lingua de Namorar (concurso de mensaxes de amor en liña), certame de cinema OUFF Escola, certame aRi(t)mar Galicia e Portugal (para dar a coñecer

e difundir a poesía e a música editadas a ambas as beiras do río Miño) ou o concurso Coca-Cola Novos Talentos, de creación artística e literaria.

LINGUA7. Promoción de accións específicas destinadas á mocidade no marco das actividades vinculadas á celebración do Día das Letras Galegas

Orientar unha parte da programación das Letras Galegas aos mozos e mozas co fin de facelos partícipes nesta conmemoración, a través por exemplo do concurso-exposición aberto a todos os centros educativos públicos, así como doutras actividades repartidas por todo o territorio que favorezan a participación e implicación da mocidade.

LINGUA8. Introducir o galego en ámbitos creativos vinculados coa cultura urbana, nomeadamente, o rap



Posta en marcha dun concurso de rap en galego para favorecer o uso do idioma propio nun ámbito en auge entre a mocidade como é a cultura urbana. Tamén se impulsará a súa difusión e coñecemento nas diferentes disciplinas englobadas baixo o paraugas da cultura urbana.

LINGUA9. Realización de campañas en festivais de música, así como noutros espazos, para promover o uso da lingua galega

Fomentar a presenza e o uso do galego nos espazos e ámbitos sociais de máis impacto para a mocidade como centros comerciais, tendas de roupa, festivais de música, bares, pubs, discotecas, etc.

LINGUA10. Convocatoria anual de cursos e de probas para obter os certificados acreditativos de coñecemento da lingua galega (Celga)

Seguiranse ofertando cursos de lingua galega co fin de axudarlle á mocidade a adquirir a competencia e capacitación na materia fóra do sistema educativo, así como prepararlos para a realización das probas de acreditación.

LINGUA11. Relización de actividades que combinen a dinamización lingüística coa sensibilización fronte á violencia de xénero

No marco da campaña Nós contra a violencia, poranse en marcha diversas actividades (teatro, música, obradoiros) e elaboraranse materiais didácticos e formativos en galego (escritos e audiovisuais) co fin de sensibilizar a mocidade fronte á violencia de xénero á vez que se dinamiza a lingua propia.



11. Igualdade

Obxectivo estratéxico

Desenvolver accións para informar, asesorar e sensibilizar á xuventude en materia de igualdade, traballando de xeito específico na prevención da violencia de xénero, no empoderamento das mulleres novas, así como na defensa da igualdade das persoas LGTBI.

Departamentos implicados

- DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO
- SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
- DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FP E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Medidas

IGUAL1. Elaboración de materiais didácticos e recursos para traballar coa mocidade desde o ámbito educativo

Divulgación de materiais dirixidos á sensibilización, prevención e/ou detección da violencia de xénero na poboación máis nova, así como de recursos para traballar sobre a igualdade e o respecto á diversidade. Tamén se seguirán desenvolvendo programas que axuden a identificar condutas machistas, sobre todo nas súas novas formas (a través do *sexting*, por exemplo), co fin de prever este tipo de situacións.

IGUAL2. Desenvolver campañas de sensibilización sobre o acoso sexual e contra a violencia de xénero entre a poboación máis nova

Concienciar os mozos e mozas sobre as diferentes formas de acoso sexual (de xeito presencial, pero sobre todo a través das redes sociais), establecendo condutas de rexeitamento a esas prácticas, así como cara á violencia de xénero.

IGUAL3. Posta en marcha de obradoiros e dinámicas vinculadas coa prevención da violencia de xénero nos Espazos Xoves e residencias xuvenís

Posta en marcha de accións de carácter formativo nos diferentes Espazos Xoves e nas tres residencias xuvenís para traballar coa mocidade no ámbito da prevención da violencia de xénero, identificando e combatendo condutas machistas, de control ou acoso. Empregaranse novos códigos e ferramentas empregadas pola mocidade, tales como graffitis, obradoiros de rap ou ciclos de cine.



IGUAL4. Ampliación do número de centros que oferten a materia de libre configuración autonómica 'Igualdade de xénero'

A través desta materia, os centros educativos galegos poden traballar de xeito específico e directo o ámbito da igualdade de xénero, consolidando condutas positivas, de respecto e de equidade desde idades mozas.

IGUAL5. Apoio a iniciativas de autoemprego e emprendemento feminino

Consolidación das axudas dirixidas a apoiar a posta en marcha, a mellora e a reactivación de iniciativas empresariais construídas por mulleres novas, como medio para promover o empoderamento económico e social deste colectivo.

IGUAL6. Posta en marcha dun programa formativo teórico-práctico que impulse o emprendemento entre as mozas

Impulso dunha iniciativa formativa, en colaboración con entidades referentes, para que as mozas identifiquen casos de éxito en diferentes ámbitos (rural, científico, empresarial, etc.), poidan coñecer de preto estes espazos de traballo real e se estenda así a cultura emprendedora entre o xénero feminino, mellorando tamén a súa inserción laboral.

IGUAL7. Defensa da igualdade de dereitos das persoas mozas LGTBI

Desenvolvemento de accións en diversos ámbitos, a través do servizo Quérote+, co fin de sensibilizar e visibilizar entre a mocidade en xeral o colectivo LGTBI.

IGUAL8. Ofrecer deducións fiscais que lles axuden ás familias novas con fillos e fillas

As familias beneficiaranse de descontos por nacemento ou adopcións de fillos e fillas, ou por acollemento. Do mesmo xeito, tamén se beneficiarán de deducións fiscais as familias numerosas e por coidado de fillos menores.



12. Medio ambiente

Obxectivo estratéxico

Fomentar actitudes positivas de sensibilización e concienciación cara ao medio ambiente desde idades mozas, co obxectivo último de que a xuventude axude a consolidar e estender unha correcta educación medioambiental na sociedade. Nos vindeiros anos farase especial fincapé no desenvolvemento dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) incluídos na Axenda 2030 sobre o Desenvolvemento Sostible, aprobada en 2015 pola ONU.

Departamentos implicados

- DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO
- FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA
- DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL
- DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO
- INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO
- DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
- DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE
- AUGAS DE GALICIA

Medidas

MAMB1. Desenvolver campañas de sensibilización entre a mocidade sobre a importancia da reciclaxe de residuos

Posta en marcha de diversas campañas de concienciación sobre a importancia de reciclar de xeito correcto os residuos, con especial atención á separación de vidro, pilas ou aparellos eléctricos e electrónicos.

MAMB2. Posta en marcha de actividades de ocio e formativas en espazos verdes que poñan en valor o medio natural

Aproveitamento do rico patrimonio natural de Galicia para, dun xeito sostido e responsable, organizar accións de tempo libre, obradoiros ou outro tipo de accións que axuden á mocidade a coñecer máis de preto estes espazos e, polo tanto, fomentar unha cultura medioambientalmente responsable.

MAMB3. Consolidar a educación medioambiental desde os centros educativos

Nesta medida inclúense diversas actuacións que teñen como finalidade promover a concienciación ambiental do alumnado a través da realización de proxectos, oferta de materias de libre configuración autonómica, visitas aos diferentes Parques Naturais de Galicia ou accións formativas sobre diferentes aspectos como, por exemplo, a calidade do aire, das augas e dos solos; ou o coñecemento da arquitectura, o territorio ou as paisaxes galegas.



MAMB4. Fomento da participación responsable dos mozos e mozas na protección do medio natural fronte aos incendios forestais

Consolidación do programa O Monte Vivo, introducido dentro do Plan Proxecta, para incrementar a concienciación da xuventude sobre os incendios forestais e a súa influencia sobre o equilibrio ecolóxico, as perdas que supón en canto a diminución da biodiversidade, da capacidade produtiva do monte e da calidade das augas, do ocio, etc.

MAMB5. Colaboración con MeteoGalicia para mellorar o coñecemento sobre o clima galego

A través de charlas, exposicións ou pequenas formacións búscase promover que os mozos e mozas galegas poidan coñecer as características do clima galego, a súa evolución, así como outros aspectos tales como a contaminación ou o ruído ambiental.

MAMB6. Consolidación do 'Proxecto Ríos' como programa de educación e voluntariado para divulgar a situación ambiental dos cursos fluviais

Involucrar o alumnado na conservación dos ecosistemas fluviais mediante charlas e saídas formativas, onde se lles proporcionan as ferramentas básicas que garantan a súa participación activa e colaborativa.

MAMB7. Impulso de accións formativas e de voluntariado en colaboración con entidades especializadas no ámbito medioambiental

Aproveitar o coñecemento das diferentes entidades de acción social e voluntaria para poñer en marcha iniciativas orientadas á mocidade sobre a protección, conservación e salvagarda do medio natural.

MAMB8. Promoción do relevo xeracional e impulso a accións formativas no ámbito da pesca continental

A Xunta de Galicia favorecerá a formación, sensibilización e afección entre os mozos e mozas no ámbito da pesca, tanto recreativa como deportiva. Para iso, crearase as escolas do río, escenarios deportivos sociais e de formación, ou estableceranse exencións de pago de licenzas e permisos de pesca para menores de 18 anos.

MAMB9. Concienciación sobre o cambio climático e a axenda 2030



Desenvolveranse accións de concienciación entre a mocidade na procura dun mundo sostible a través de distintas dinámicas, tratando de implicar tamén as entidades locais galegas.

Anexos

1. Marco estratéxico da Xunta de Galicia

Esta Estratexia promove unha lectura implicativa para a xuventude de Galicia dos referentes estratéxicos dos departamentos da Xunta de Galicia, e desta no seu conxunto.

Co propósito de facilitar a súa identificación, ofrecemos neste anexo unha enumeración destes referentes e enlaces web nos que consultar ou descargar os documentos recollidos que contemplan accións ou medidas que impactan na xuventude.

Marcos xerais

- 2015-2020. XUNTA DE GALICIA **Plan estratéxico de Galicia** <http://www.planestratexico.gal/presentacion>
- 2014-2020. XUNTA DE GALICIA **Programa operativo Feder**
<https://tinyurl.com/ur4yc4w>
- 2014-2020. XUNTA DE GALICIA **Programa operativo FSE**
<https://tinyurl.com/r42lypu>
- 2014-2020. XUNTA DE GALICIA **Programa operativo FSE Emprego Xuvenil** <https://tinyurl.com/yxyn2th5>
- 2014-2020. XUNTA DE GALICIA **Programa operativo FSE. Emprego, formación e educación**
<https://tinyurl.com/vs5mq7n>
- 2014-2020 XUNTA DE GALICIA **Programa operativo FSE. Inclusión social e Economía social**
<https://tinyurl.com/vcscfft>

Consellerías

Presidencia da Xunta de Galicia

- 2013-2020. AMTEGA **Estratexia galega de crecemento dixital**
<https://amtega.xunta.gal/sites/default/files/estratexia-galega-crecemento-dixital.pdf>
- 2016-2020. AMTEGA **Axenda dixital de Galicia**
<https://amtega.xunta.gal/sites/default/files/axenda-dixital-de-galicia-2020.pdf>
- 2015-2020. AMTEGA **Plan de acción para o impulso aos contidos dixitais en Galicia-Plan Dico Mindset**
https://www.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=1167119&name=DLFE-30707.pdf
- 2016-2020 . AMTEGA **Plan de inclusión dixital de Galicia**
https://issuu.com/sxmit/docs/20160317_plan_de_inclusi__n_dixital
- 2017-2020. TURISMO DE GALICIA **Estratexia do turismo de Galicia 2020**
https://www.turismo.gal/canle-institucional/turismo-de-galicia/a-axencia/estratexia-do-turismo-de-galicia-2020?langId=gl_ES
- 2016-2019. TURISMO DE GALICIA **Plan de accesibilidade turística de Galicia**
https://www.turismo.gal/canle-profesional/plans-e-proxectos/accesibilidade-turistica?langId=gl_ES
- 2016-2019. TURISMO DE GALICIA **Plan de accesibilidade do Camiño de Santiago**
https://www.turismo.gal/canle-profesional/plans-e-proxectos/accesibilidade-turistica?langId=gl_ES
- 2015-2021. TURISMO DE GALICIA **Plan estratéxico do Camiño de Santiago**
https://issuu.com/turismodegalicia/docs/plan_director_cami__o_documento_sin

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

- **Estratexia Galega de Acción Exterior-Egaex. Horizonte post 2020**
https://cpapx.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=345857&name=DLFE-30499.pdf
- 2017-2020. **VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes**
http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/vii_planigualdade_20170403_galego_1.pdf

Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

- 2015-2020. **Estratexia galega de convivencia escolar**
http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/news/2013/09/06/documento_traballo_educonvivesgal24-04-15.pdf
- 2016-2020. **Plan galego de financiamento universitario**
http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/pgfu_2016-2020.pdf

Consellería de Facenda

- 2017-2020. **Plan galego de estatística**
http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s6/lexislacion/plan_galego_estadistica_2017_2021_gl.pdf

Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

- 2015-2020. **Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora de acceso á vivenda**
http://igvs.es/ipecos-opencms-portlet/export/sites/default/PortalVivenda/Biblioteca/Lexislacion/Autonomica_vivenda/20150211_Plan_reaVlta_xwebx_.pdf

Consellería do Mar

- 2014-2030. **Estratexia galega de acuicultura**
http://www.intecmar.gal/esga/Documentos/ESGA_febrero_gal.pdf

Consellería do Medio Rural

- 2014-2020. **Plan de desenvolvemento rural**

Consellería de Política Social

- 2016-2020. **Estratexia galega para a infancia e adolescencia**
<https://politicassocial.xunta.gal/gl/recursos/publicacions/estratexia-galega-para-infancia-e-adolescencia-egia-2018-2020>
- 2015-2020. **Estratexia galega sobre discapacidade**
<https://politicassocial.xunta.gal/es/recursos/publicaciones/estratexia-galega-sobre-discapacidade-2015-2020-version-en-lectura-facil>
- 2014-2020. **Estratexia de inclusión social de Galicia**
https://www.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=929704&name=DLFE-26404.pdf
- 2016-2018. **Estratexia de acción voluntaria**
<http://www.voluntariadogalego.org/upload/des/236-d-Estratexia%20de%20accion%20voluntaria%202016-2018.pdf>

Consellería de Sanidade

- 2015-2018. **Plan Galego anti VIH/SIDA e outras infeccións de transmisión sexual**
<https://extranet.sergas.es/catpb/Publicaciones/DetallePublicacion.aspx?IdPaxina=40008&IDCatalogo=2441>

2. Persoas e instancias participantes

Presentación do proceso de reflexión estratéxica a instancias involucradas

- Acción Familiar Ferrol
- Asociación Aliad Ulteira
- Asociación Amigos da Terra
- Asociación Escola das Utopía
- Asociación Madres Solteras por Elección
- Asociación Universitaria de Ciencias de la Educación (AUCE)
- Centro Coordinador. DXXPV
- Centro Quérote + Compostela
- Colectivo Somos Tempo Libre
- Concello da Coruña
- Concello de Culleredo
- Concello de Curtis
- Concello da Laracha
- Concello de Soutomaíor
- Consellería de Política Social
- Cooperación Internacional ONG
- Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

- Espazo Xoves de Ourense
- Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
- Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia
- Empresa EOSA. Estrategia y Organización, S. A.
- Equipo Motor Dirección Xeral de Xuventude
- Equipo Motor Rede Dinamización
- Escola de Tempo Libre Fundación Eduardo Pondal
- Escola de Tempo Libre Abraio
- Escola de Tempo Libre Don Bosco
- Escola de Tempo Libre Xaruma
- Espazo Xove de Vilalba
- Federación ASDE - Scouts de Galicia
- Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia
- Federación EFA Galicia - Santiago
- Fundación Amigos de Galicia
- Fundación Eduardo Pondal
- Fundación Galicia Europa
- Fundación INGADA (TDAH e trastornos asociados)
- Fundación Ronsel
- Gabinete Secretaría Xeral da Emigración
- Grupo Esculca da Universidade de Santiago de Compostela

- IGAXES3 ONG (xuventude en risco de exclusión)
- Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) de Boqueixón
- Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) da Coruña
- Rede Galega de Dinamización Xuvenil
- Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”
- Residencia Xuvenil Lug I
- Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas
- Secretaría Muller, Xuventude e Benestar Social da Unión Intercomarcal Santiago-Barbanza de CC. OO.
- Secretaría Xeral da Igualdade
- Xefatura territorial Consellería Política Social Vigo

Persoas entrevistadas na Fase de diagnóstico

- **Adrián Rodríguez.** Presidente de SCOUTS Galicia
- **Alonso de la Cantera e Annie Sánchez.** Asociación Ocionautas (A Estrada)
- **Ana Simoneta Rubido.** AIESEC
- **Beatriz González.** Responsable da Sección Xuvenil na Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia
- **Diego López .** Técnico do Grupo de Desenvolvemento Rural As Mariñas
- **Enrique Vázquez.** Concelleiro de Xuventude en Vedra
- **Jessica Doce.** Responsable de Cruz Vermella Xuventude en Galicia
- **Jesús Deibe Fernández Simo.** Técnico de IGAXES3

- **Laura Segade.** Rede Galega Contra a Pobreza - EAPN. Embaixadora galega de diálogo estruturado coa UE en materia de xuventude
- **Luís García Deber.** Director da Fundación Ronsel
- **Manuel Araujo.** Técnico da OMIX de Ribadavia
- **María Beatriz Iglesias.** Concelleira de Xuventude en Vila de Cruces
- **Noelia Salido Andrés.** Vicedecana de Estudantes, Extensión e Comunicación da Facultade de Economía e Empresa da UDC. Especialista no ámbito da innovación social
- **Óscar Castro.** Director do Centro Municipal de Información Xuvenil do Concello da Coruña
- **Roberto Fernández.** Profesor de Animación sociocultural e turística en CIFP Portovello (Ourense)
- **Santi Domínguez.** Coordinador en España dos Centros Xuvenís “Don Bosco”



Participantes nos World Café provinciais de contribución diagnóstica

A Coruña. Venres 27-10-2017

- ASDE Scouts de Galicia. Adrián Rodríguez Pernas e Sabela Sande Cruz
- Asociación Cultural Marineda. Benito Veira Veira
- Asociación Socioeducativa para la Educación (ASEDUC). Noelia García
- Asociación Tesouros de Galicia. Javier Rodríguez Losada
- Concello da Coruña. Óscar Castro Vázquez
- Fundación INGADA. Instituto Gallego del TDAH y Trastornos Asociados. Estrella Lista Martínez
- Irene Herrero Cuñarro
- OMX Cambre. Sandra Sánchez Vieites
- ONG Mestura. Claudia Cubría

Lugo. Venres 20-10-2017

- Asociación de Padres o Tutores de Personas con Discapacidad Intelectual de Lugo (ASPNAIS). Jacobo Real González
- Asociación Foro LC. José María López Pardo e Nuria González-Tejero Campo
- Asociación Síndrome de Down Lugo. Julia Iglesias López
- David González Pérez

- Espazo Xove Viveiro. María del Carmen López Frade
- Francisco Javier González Díaz
- José Antonio Quelle Gómez
- Óscar Lombao Pena
- Servizo de Xuventude e Voluntariado de Lugo. María del Pilar Vázquez Fouces e María Grandío Castiñeira
- Xunta de Galicia. Jesús Arias Darriba

Ourense. Venres 20-10-2017

- Asociación Cultural-Juvenil Cipri Gomes. María Remedios Domínguez Campos
- Asociación Grupo Scout ILEX. Xulio López Pérez
- Asociación para a Prevención e a Educación Social (APES). Laura Balboa Álvarez e Aurora Fernández González
- Asociación Xuvenil Amencer. Xulio César Iglesias Blanco e Héctor Pérez Mosquera
- CIFP Portovello. Roberto Fernández Cartón
- Confederación Don Bosco. Adrián Rodríguez Cruz
- Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG). Beatriz González Freijedo
- Iria González Domínguez
- OMIX Ribadavia. Manuel Araujo Montero
- Paula Arrebola Muñoz

- Zoe González Mera

Vigo. Venres 27-10-2017

- Antía Román Carracedo
- Asociación Dada Gallery. Vicente Alonso Giraldez e Estefanía Domínguez Novóa
- Cruz Vermella. Jacqueline Miser Lago
- Delegada Territorial Zona Pontevedra
- Faiben, Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar. Gabriel Cordeiro Pereira
- Fundación INGADA. Instituto Gallego del TDAH y Trastornos Asociados. Javier e Carla
- Noelia Alonso Gil
- OMIX do Concello de Mos. Raquel Monzón Otero
- Paula Villaverde Ferreño
- Programa de Garantía Xuvenil. Oficinas de Emprego. Olga Carril Rial
- Rosa María Leiro Jorge
- Sara Román Carracedo
- Servizo de Xuventude e Voluntariado de Vigo. José Antonio Rodríguez Fachado
- Xuntanza Xuvenil Valadares. Sara Alonso Moreda, Nuria López González e Yolanda Martínez Comesaña

Datos de participación do Cuestionario da Campaña de verán

	PROVINCIA	CAMPAMENTO	LOCALIDADE	DATAS DE CAMPAMENTO	ANOS DE NACEMENTO	RECIBIDOS	VÁLIDOS
1	A CORUÑA	Conecta con Galicia	Bergondo - Lugo - Ourense	15-26 de xullo	NON RECIBIDOS		
2	A CORUÑA	Natureza xunto ao mar	Porto do Son	17-28 de agosto	99-00-01-02	56	55
3	A CORUÑA	Natureza xunto ao mar	Porto do Son	2-13 de agosto	99-00-01-02	117	117
4	A CORUÑA	Natureza xunto ao mar	Porto do Son	17-28 de xullo	02-03	114	114
5	A CORUÑA	Natureza no camiño	Melide	17-28 de xullo	99-00-01	54	54
6	A CORUÑA	Natureza no camiño	Melide	2-13 dexullo	02-03-04	54	54
7	A CORUÑA	Multiaventura en Gandarío	Bergondo	17-28 de xullo	00-01-02	131	130
8	A CORUÑA	Multiaventura en Gandarío	Bergondo	2-13 de agosto	99-00-01-02	124	118
9	A CORUÑA	Laboratorio de ideas	Bergondo	1-10 de agosto	02-03-04	28	28
10	LUGO	Aventura_T	Palas de Rei	17-28 de xullo	99-00-01-02	59	58
11	LUGO	Aventura_T	Palas de Rei	2-13 de agosto	NON RECIBIDOS		
12	LUGO	NaturÁrea: medio ambiente mariño e náutica	Viveiro	17-28 de xullo	99-00-01-02	65	65
13	LUGO	NaturÁrea: medio ambiente mariño e náutica	Viveiro	2-13 de agosto	NON RECIBIDOS		
14	LUGO	NaturÁrea: medio ambiente mariño e náutica	Viveiro	17-28 de agosto	NON RECIBIDOS		
15	PONTEVEDRA	Actividades no mar	Vilanova de Arousa	17-28 de xullo	02-03	89	89
16	PONTEVEDRA	Actividades no mar	Vilanova de Arousa	2-13 de agosto	02-03	69	69
17	PONTEVEDRA	Actividades no mar	Vilanova de Arousa	17-28 de agosto	99-00-01-02	110	110
18	OURENSE	Vén a explorar con nós	Muiños	2-9 de agosto	NON RECIBIDOS		
19	OURENSE	Naturania	Parque natural do invernoiro	3-9 de xullo	NON RECIBIDOS		
						1070	1061

Datos de participación do Cuestionario en liña

O cuestionario, que estivo activo dende o día 09-10-2017 ata o día 06-11-2017, contou cun total de 697 respostas, das cales 405 foron completas. Son estas últimas as que temos en conta para realizar valoracións. Estas son algunhas das características das persoas que contestaron o cuestionario.

Idade a 31 de decembro de 2017

IDADES	CONTA	PORCENTAXE
Entre 14 e 18 anos	15	3,70%
Entre 19 e 22 anos	98	24,20%
Entre 23 e 26 anos	92	22,72%
Entre 27 e 30 anos	66	16,30%
Entre 31 e 40 anos	80	19,75%
Entre 41 e 50 anos	32	7,90%
Entre 51 e 60 anos	21	5,19%
Máis de 61 anos	1	0,25%

Idade a 31 de decembro de 2017

SEXO	CONTA	PORCENTAXE
Muller	293	72,35%
Home	112	27,65%

Provincia de residencia

PROVINCIAS	CONTA	PORCENTAXE
A Coruña	141	34,81%
Lugo	42	10,37%
Ourense	76	18,77%
Pontevedra	143	35,31%
Outros	2	0,49%
Non amosada	1	0,25%

Lugar de nacemento

REXIÓN	CONTA	PORCENTAXE
Galicia	357	88,15%
Outro lugar de España	20	4,94%
Outro país da Unión Europea	9	2,22%
Outro lugar do mundo	19	4,69%

Nivel de estudos

NIVEL DE ESTUDOS	CONTA	PORCENTAXE
Estudios universitarios	284	70,12%
Ciclo formativo	83	20,49%
Bacharelato	19	4,69%
ESO	5	1,23%
Educación Primaria	0	0%
Outros	10	2,47%

Perfil. As persoas podían elixir varias opcións

SEXO	CONTA	PORCENTAXE
Pertenzo a unha asociación xuvenil	79	19,51%
Participo facendo voluntariado nunha entidade de acción voluntaria	150	37,04%
Traballo ou colaboro nunha entidade que presta servizos á xuventude	69	17,04%
Traballo ou colaboro nunha Escola de Tempo Libre	31	7,65%
Son informadora ou técnica de xuventude nunha institución privada	6	1,48%
Son informadora ou técnica de xuventude nunha administración pública	25	6,17%
Son representante político nun Concello	3	0,74%
Outros	131	32,35%



Encontros presenciais en Programas da DXXPV

Dentro do Programa ENREDOS de Dinamización de Espazos e Residencias Xuvenís, desenvolvéronse as seguintes indagacións:

- 08 de setembro de 2017, Espazo Xove de Vilalba.
- 15 de setembro de 2017, Espazo Xove de Betanzos. Ademais da conversa coas persoas novas, recolléronse 10 cuestionarios.
- 22 de setembro de 2017, Espazo Xove de Noia. Ademais da conversa coas persoas novas, recolléronse 15 cuestionarios.
- 27 de setembro de 2017, Espazo Xove de Ourense.

Ademais, realizáronse reunións presenciais e recolléronse achegas nos seguintes foros:

- 09 de setembro de 2017 en Gandarío (A Coruña), encontro no Programa Líderes de Futuro.
- 05 de novembro de 2017 en Gandarío (A Coruña), no Interactuando no Tempo Libre.

Persoas participantes no Equipo Motor

- 1. Belén Sancosmed Salgado**, Servizo de Actividades para a Xuventude (campamentos).
DXXPV
- 2. Borja Rubio Somoza**, dinamizador da Rede de dinamizadores xuvenís
- 3. Fernando Rodríguez Castro**, dinamizador da Rede de dinamizadores xuvenís
- 4. José Francisco Ríos Millán**, xefe do Servizo de Participación Xuvenil e Escola Galega de Xuventude. DXXPV
- 5. Luis María Castiñeira Traba**, responsable do Espazo Xove de Pontedeume
- 6. María Ángeles Rama Fernández**, documentalista do Centro Coordinador de Información Xuvenil. DXXPV
- 7. María Begoña Mosteiro Blanco**, subdirectora xeral, Instituto da Xuventude de Galicia.
DXXPV
- 8. María Consuelo Méndez Mouzo**, xefa do Servizo de Actividades para a Xuventude.
DXXPV
- 9. María Grandío Castiñeira**, xefa do Servizo de Xuventude e Voluntariado de Lugo
- 10. María Jesús López Cernadas**, Servizo de Programas e Mobilidade Xuvenil. DXXPV
- 11. Pilar Tamerón Montesinos**, Servizo de Programas e Mobilidade Xuvenil. DXXPV

Departamentos da Xunta de Galicia e persoas entrevistadas para contribución

Presidencia da Xunta de Galicia

Secretaría Xeral para o Deporte

- **Miguel López Sieiro.** Subdirector xeral de Plans e Programas
- **Miguel Rodríguez del Corral.** Fundación Deporte Galego. Director instalacións
- **Francisco Javier González García.** Servizo de Deporte en Idade Escolar. Xefe do Servizo

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Secretaría Xeral da Igualdade

- **Susana López Abella.** Secretaria xeral da Igualdade
- **María Luz González González.** Servizo de Promoción e Cooperación Institucional. Xefa do Servizo

Consellería de Cultura e Turismo

Secretaría Xeral de Política Lingüística

- **Valentín García Gómez.** Secretario xeral
- **Elvira María Casal García.** Subdirectora xeral de Planificación e Dinamización Lingüística
- **Beatriz Corral Sánchez.** Gabinete do secretario

Economía, Emprego e Industria

Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral

- **Juan Carlos Pernas Maques.** Subdirector xeral de Promoción Laboral
- **Juan José Lirón Lago.** Subdirector xeral de Emprego

IGAPE, Instituto Galego de Promoción Económica

- **Pablo Casal Espido.** Secretario xeral
- **Guillermo Viña González.** Oficina Competitiva IGAPE Nova. Xerente IGAPE Nova

Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

Secretaría Xeral de Universidades

- **María Beatriz Soutelo Ferro.** Subdirectora xeral de Universidades
- **Ana Isabel Millor Rego.** Servizo de Apoio e Orientación aos/ás Estudantes Universitarios/as

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

- **María Fátima García Doval.** Servizo de Formación do Profesorado. Xefa do Servizo
- **Elena María Castro Villalón.** Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa. Xefa do Servizo

Consellería de Facenda

ATRIGA, Axencia Tributaria de Galicia

- **María Victoria González Vázquez.** Directora da Axencia Tributaria de Galicia
- **María Belén Millán Calenti,** Secretaria da directora

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

- **María Cruz Ferreira Costa.** Directora xeral

Dirección Xeral de Patrimonio Natural

- **Alberto José Otero Peña.** Servizo de Parques Naturais. Xefe do Servizo

IGVS, Instituto Galego de Vivenda e Solo

- **Andrés Iglesias López.** Director técnico de Fomento

Consellería de Medio Rural

AGADER, Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

- **Miguel Ángel Pérez Dubois.** Director xeral da AGADER

Consellería de Política social

Secretaría Xeral Técnica

- **Francisco Javier Abad Pardo.** Secretario xeral técnico

Consellería de Sanidade

Dirección Xeral de Saúde Pública

- **Jorge Suánzes Hernández.** Xefatura Territorial da Coruña. Servizo de Alertas Epidemiolóxicas. Xefe de sección de Epidemioloxía
- **Xurxo Hervada Vidal.** Subdirector xeral de Información sobre Saúde e Epidemioloxía
- **José Antonio Taboada Rodríguez.** Xefe do Servizo de Control de Enfermidades Transmisibles

Participación nas reunións provinciais de contraste da Estratexia

Desenvolvéronse **catro encontros**:

- Na Coruña, o venres 13 de abril de 2018
- En Lugo, o sábado 14 de abril de 2018
- En Ourense, o sábado 14 de abril de 2018
- En Vigo, o sábado 21 de abril de 2018

Inscribíronse para participar **54 persoas**.

3. Departamentos da Xunta de Galicia involucrados na Estratexia

Presidencia da Xunta de Galicia

- Secretaría Xeral da Emigración
- Secretaría Xeral de Medios
- Secretaría Xeral para o Deporte
- AMTEGA, Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

- Secretaría Xeral da Igualdade
- Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea
- Fundación Galicia Europa

Consellería de Cultura e Turismo

- Secretaría Xeral de Política Lingüística
- Dirección Xeral de Políticas Culturais
- Fundación Cidade da Cultura de Galicia
- AGADIC, Axencia Galega das Industrias Culturais
- Axencia de Turismo de Galicia

Consellería de Economía, Emprego e Industria

- Secretaría Xeral de Emprego
- Dirección Xeral de Comercio e Consumo
- Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral
- Axencia Galega de Innovación
- IGAPE, Instituto Galego de Promoción Económica
- IGCC, Instituto Galego do Consumo e da Competencia
- ISSGA, Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia

Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

- Secretaría Xeral de Universidades
- Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos
- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Consellería de Facenda

- ATRIGA, Axencia Tributaria de Galicia
- IGE, Instituto Galego de Estatística

Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

- Dirección Xeral de Mobilidade
- Augas de Galicia

Consellería do Mar

- Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda

- Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático
- Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
- Dirección Xeral de Patrimonio Natural
- Instituto de Estudos do Territorio
- IGVS, Instituto Galego da Vivenda e Solo
- SOGAMA, Sociedade Galega do Medio Ambiente, S. A.

Consellería do Medio Rural

- Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias
- Dirección Xeral de Ordenación Forestal
- AGADER, Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade
- Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado
 - Subdirección Xeral de Programas para a Xuventude
 - Servizo de Programas e Mobilidade Xuvenil

- Instituto da Xuventude de Galicia
 - Servizo de Actividades para a Xuventude
 - Servizo de Participación Xuvenil e Escola Galega de Xuventude

- Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil

- Rede Galega de Dinamización Xuvenil

- Centros Quérote+

- Servizo de Voluntariado e Participación

Consellería de Sanidade

- Dirección Xeral de Saúde Pública

**PLAN
ESTRATÉXICO**
DE XUVENTUDE
DE GALICIA
2021

Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado
Consellería de Política Social



PLAN ESTRATÉXICO DE XUVENTUDE DE GALICIA 2021

Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado
Consellería de Política Social

